ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020

# PLAN OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL

2015-2016

XUNTA DE GALICIA

**Xunta de Galicia**

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Inclusión Social

*Santiago de Compostela, abril de 2016*

# ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN ....3

2. ACTUACIÓNS PREVISTAS POR PRIORIDADES E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020 PARA O BIENIO 2015-2016 ....7

2.1 PRIORIDADES TRANSVERSAIS ....7

Previr a pobreza e a exclusión social ....7

Loitar contra a pobreza infantil ....9

Consolidar e mellorar os procesos de coordinación e participación .... 11

Promover e facilitar a participación das entidades de iniciativa social .... 15

Abordar as consecuencias da exclusión territorial .... 16

Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes .... 19

Xerar o coñecemento sobre a inclusión social en Galicia e difundir a Estratexia de Inclusión social de Galicia .... 21

Promover a inclusión social das persoas en situación ou risco de exclusión social e o uso das TIC na intervención a prol da inclusión social .... 22

2.2 PRIORIDADES SECTORIAIS .... 25

Fomentar unha intervención de calidade dos servizos sociais na prevención e abordaxe integral das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social .... 25

Atender de xeito específico e complementario os factores de exclusión social que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para acadar a súa plena inclusión social.... 30

Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral.... 40

Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo .... 42

Promover o acceso á educación e á formación previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias .... 48

Promover a inclusión social e a empregabilidade mediante estratexias de cualificación a través de recursos educativos e de formación para o emprego e da aprendizaxe permanente .... 52

Favorecer a inclusión social a través da atención e do coidado da saúde.... 55

3. ACTUACIÓNS PREVISTAS POR PRIORIDADES E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA DE GALICIA 2014-2020 PARA O BIENIO 2015- 2016...... 63

4. AVALIACIÓN DO PLAN OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL .... 73

# 1. INTRODUCIÓN

## *Precedentes*

O 18 de decembro de 2014 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia de Inclusión Social de Galicia (EIS Galicia), que constitúe o marco de planificación das prioridades, obxectivos e medidas que se levarán a cabo na nosa comunidade autónoma en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social no período 2014-2020.

A estrutura da EIS Galicia 2014-2020 asume o enfoque da inclusión social activa, promovido desde os diferentes marcos de traballo da Unión Europea e que vertebra tamén o Plan Nacional de Inclusión Social do Reino de España 2013-2016. Este enfoque está integrado por tres eixos que combinan: a garantía de acceso a uns ingresos mínimos vinculados; as políticas activas favorecedoras dun mercado laboral máis inclusivo cara as persoas con maiores dificultades de acceso e o acceso a uns servizos de calidade, para a abordaxe multidimensional do fenómeno da pobreza e a exclusión social (servizos sociais, educación, sanidade, etc.).

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia comprende 16 prioridades estratéxicas (8 transversais e 8 sectoriais), 56 obxectivos específicos e 238 medidas dirixidas a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as persoas destinatarias acaden a súa inclusión social e laboral.

No marco da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 está integrada a Estratexia de Inclusión Social da poboación Xitana en Galicia 2014-2020, a cal conta con 93 medidas comprendidas nos que son considerados ámbitos clave (Educación, Saúde, Vivenda e Emprego) e outros promotores da súa plena inclusión.

## *Fundamentación*

A EIS Galicia 2014-2020 prevé na súa formulación o seu desenvolvemento a través de Plans Operativos de Inclusión Social bianuais e consecutivos durante o seu período de vixencia. O obxecto desta fórmula de implantación responde, por unha banda, á necesidade de operativizar os seus obxectivos e configurar a curto prazo as accións dirixidas a acadalos; e, pola outra, á de realizar unha avaliación continua que permita a introdución dos axustes precisos para acadar unha maior eficacia e impacto da Estratexia de Inclusión Social.

O Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016 reflicte as prioridades e obxectivos da Estratexia de Inclusión Social nas que a Xunta de Galicia está a dar resposta ou previsto facelo neste período. Así mesmo, indica que axentes están implicados de xeito directo ou parcial no seu desenvolvemento.

### *Participación*

A Dirección Xeral de Inclusión Social contactou con todos os departamentos da Xunta de Galicia implicados no desenvolvemento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 coa finalidade de obter a información sobre as medidas que están a levar a cabo ou ten previsto facelo neste bienio. Deste xeito, o documento do Plan Operativo de Inclusión Social comprende, de xeito detallado e enmarcado nos diferentes obxectivos de inclusión social, as accións que se consideraron prioritarios para estes dous anos.

Os departamentos implicados no seu desenvolvemento son:

| | |
|---|---|
| *Presidencia da Xunta* | Secretaría Xeral para o Deporte |
| | Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia |
| *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* | Dirección Xeral de Xustiza |
| | Secretaría Xeral da Igualdade |
| | Academia Galega de Seguridade Pública |
| *Consellería de Infraestruturas e Vivenda* | Instituto Galego de Vivenda e Solo |
| *Consellería de Economía, Emprego e Industria* | Dirección Xeral de Comercio |
| | Secretaría Xeral de Emprego |
| | Dirección Xeral de Orientación e Promoción laboral |
| | Instituto Galego de Consumo |
| | Instituto Enerxético de Galicia |
| *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* | Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa |
| | Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos |
| *Consellería de Sanidade* | Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública |
| | SERGAS |
| *Consellería de Política Social* | Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica |
| | Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade |
| | Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado |
| *Consellería do Medio Rural* | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural |
| *Consellería do Mar* | Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro |

### *Estrutura do documento*

O documento estrutúrase en tres partes. A primeira delas, o presente apartado, recolle unha breve introdución e presentación. As accións por prioridades e obxectivos para o bienio 2015-2016 detállanse no segundo apartado do documento. Este segundo apartado divídese en dous, relativos cada un ás prioridades transversais e sectoriais da Estratexia de Inclusión Social.

| | |
|---|---|
| **PRIORIDADES TRANSVERSAIS** | Previr a pobreza e a exclusión social |
| | Loitar contra a pobreza infantil |
| | Consolidar e mellorar os procesos de coordinación e participación |
| | Promover e facilitar a participación das entidades de iniciativa social |
| | Abordar e reducir as consecuencias da exclusión territorial |
| | Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes |
| | Xerar o coñecemento sobre a inclusión social en Galicia e difundir a estratexia de inclusión social de Galicia |
| | Promover a inclusión dixital das persoas en situación ou risco de exclusión social e o uso das tics na intervención a prol da inclusión social |

| | |
|---|---|
| **PRIORIDADES SECTORIAIS** | Fomentar unha intervención de calidade dos servizos sociais na prevención e abordaxe integral das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social |
| | Atender de xeito específico e complementario os factores de exclusión social que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para acadar a súa plena inclusión social |
| | Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral |
| | Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo |
| | Promover o acceso á educación e á formación previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias |
| | Promover a inclusión social e a empregabilidade mediante estratexias de cualificación a través de recursos educativos e de formación para o emprego e da aprendizaxe permanente |
| | Favorecer a inclusión social a través da atención e do coidado da saúde |
| | Mellorar o acceso á vivenda como aspecto clave na inclusión social |

O terceiro apartado do documento está especificamente referido ás accións previstas para o cumprimento dos obxectivos establecidos na Estratexia sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020, enmarcada dentro da Estratexia de Inclusión Social para o mesmo período. Todas as accións comprendidas no Plan Operativo de Inclusión Social están dirixidas á poboación destinataria da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

O documento inclúe, finalmente, un apartado relativo ao seguimento do Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016.

### *Contido*

O Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016 consolida e introduce axustes en medidas e accións que xa se puxeran en marcha con anterioridade ao ano 2015, buscando un maior impacto nos resultados. Ademais, incorpora accións de nova creación que constitúen respostas a obxectivos previstos na Estratexia de Inclusión Social de Galicia.

Por outra banda, o Plan Operativo inclúe accións dirixidas a promover a mellora da calidade profesional e da atención ás persoas participantes, a través da formación do persoal de acompañamento técnico nos procesos de inclusión sociolaboral.

O Plan Operativo comprende, en total 303 accións orientadas a acadar os obxectivos dos previstos na Estratexia de Inclusión Social de Galicia. Ademais, comprende outras 50 accións dirixidas de xeito específico pero non exclusivo á poboación xitana en Galicia.

# 2. ACTUACIÓNS PREVISTAS POR PRIORIDADES E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020 PARA O BIENIO 2015-2016

## 2.1 PRIORIDADES TRANSVERSAIS

### Previr a pobreza e a exclusión social

| PRIORIDADE TRANSVERSAL 1. PREVIR A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Adecuar o marco normativo vixente para facilitar os procesos de inclusión activa |
| | Obxectivo 2. | Previr o desenvolvemento da pobreza na emprego, incrementando a súa calidade e sustentabilidade |
| | Obxectivo 3. | Promover a prevención da exclusión desde os ámbitos clave dos sistemas públicos de protección |

**Obxectivo 1. Adecuar o marco normativo vixente para facilitar os procesos de inclusión activa**

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social, no relativo á tramitación da RISGA e AIS | Decreto | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Deseño dos instrumentos de rexistro, xestión e seguimento dos obxectivos de inclusión | Formularios e documentos | 2016 | |
| Elaboración de protocolos de coordinación e cooperación entre dispositivos técnicos de inclusión social e do ámbito do Emprego implicados nos obxectivos de inclusión sociolaboral das persoas perceptoras da RISGA | Documento de protocolo<br>Reunións | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Dirección Xeral de Orientación e Promoción laboral*

| Obxectivo 2. | Previr o desenvolvemento da pobreza no emprego, incrementando a súa calidade e sustentabilidade |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Subvencións para a contratación temporal de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil e a súa transformación en contrato indefinido | Subvencións | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral do Emprego* |
| Accións de fomento da contratación por conta allea para a mellora do emprego estable:<br>- Programa de incentivos á contratación indefinida inicial de persoas mozas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil<br>- Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas | Axudas/ incentivos | 2015<br>2016 | |
| Axudas destinadas a acción de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade autónoma de Galicia | Axudas | 2015<br>2016 | |

| Obxectivo 3. | Promover a prevención da exclusión desde os ámbitos clave dos sistemas públicos de protección |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Elaboración da Estratexia galega para a infancia e a adolescencia 2016-2020 | Documento da Estratexia | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica* |
| Introdución dos axustes necesarios para aumentar a celeridade na busca da solución á perda de vivenda a través do Programa de Realoxo de persoas Afectadas por Execucións Hipotecarias | Cambios no programa | 2015<br>2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)* |
| Actuacións de carácter preventivo instrumentadas polas entidades financeiras e o IGVS para a impedir os desaloxos da vivenda habitual no caso de non pagamento da hipoteca | Acordos | 2015<br>2016 | |
| Actuacións de carácter preventivo instrumentadas polas entidades financeiras e o IGVS para a impedir os desaloxos da vivenda habitual polo non pagamento do aluguer | Acordos | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de accións formativas orientadas á mellora da calidade profesional e atención do persoal sanitario | Cursos formación | 2015 2016 | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e Fundación Pública Escola de Formación de Administración Sanitaria (FEGAS)* |
| Actualización da Guía técnica de violencia de xénero | Nova versión da Guía técnica | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Entidades financeiras*
- *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social*

## Loitar contra a pobreza infantil

| PRIORIDADE TRANSVERSAL 2. LOITAR CONTRA A POBREZA INFANTIL | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Promover o benestar infantil mediante fórmulas integradas e centradas na infancia e nas familias con fillos/as |
| | Obxectivo 2. | Previr as situacións de privación material nas persoas menores de idade |

| **Obxectivo 1.** | **Promover o benestar infantil mediante fórmulas integradas e centradas na infancia e nas familias con fillos/as** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos/as de 1.200 EUR polo/a segundo/a fillo/a e 2.400 EUR para as familias que teñan un/unha terceiro/a fillo/a ou máis | Norma reguladora | 2015 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica* |
| Provisión de recursos para a cualificación de potenciais profesionais con interese no recurso de casas niño | Cursos de formación | 2015 | |
| Incremento da puntuación para o acceso ás escolas infantís sostidas con fondos públicos, pola situación laboral de ocupación do pai ou da nai, co obxecto de favorecer a conciliación | Introdución do cambio no baremo | 2015 2016 | |
| Axuda de 1.200 EUR repartidos en 12 mensualidades para a adquisición de produtos básicos infantís durante o primeiro ano de vida do/a neno/a ás familias que teñan un/ha fillo/a ou adopten un/ha neno/a | Axudas familiares (Tarxeta Benvida) | 2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Implantación do Programa de Casas niño para o coidado de menores de 3 anos en fogares particulares acondicionados para atender as súas necesidades, e ao cargo dunha persoa con formación en coidados á infancia, con horarios adaptados ás necesidades das familias para favorecer a conciliación | Programa Casas niño | 2016 | |
| Posta en marcha en modo experimental dun recurso complementario e de apoio para o coidado de menores de 12 anos cando concorran circunstancias imprevistas que impidan o seu coidado por parte das persoas coidadoras habituais | Horas de coidado | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica* |
| Ampliación de 1.871 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos para o curso escolar 2016-2017: oferta de 481 novas prazas públicas de equipamentos de nova construción abrirá novas escolas infantís, con especial atención ás contornas de polígonos industriais, e 1.400 prazas a través do Bono Concilia | Prazas en escolas infantís | 2016 | |
| Investimento para a adecuación e mellora da calidade das instalacións e equipamento das escolas infantís da rede pública de titularidade municipais | Accións de mellora en Escolas infantís | 2016 | |

**Obxectivo 2.** **Previr as situacións de privación material nas persoas menores de idade**

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Apoio económico para garantir a cobertura das necesidades de alimentación en colaboración con entidades de iniciativa social, e establecemento, en colaboración coa FEGAMP, de fórmulas de cooperación cos concellos para derivación/ comunicación de familias destinatarias | Axudas a entidades de iniciativa social<br><br>Accións de cooperación | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Axudas a familias con menores matriculados/as en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 4º e 6º educación primaria e 1º e 3º curso de educación secundaria obrigatoria ou educación especial que non superen os 9.000 € anuais de renda per cápita familiar para a adquisición de libros de texto | Axudas a familias | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Axudas a familias con nenos/as matriculados en centros sostidos con fondos públicos en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial que non superen os 5.000 € anuais de renda per cápita familiar para a adquisición de material escolar | Axudas a familias | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos* |
| Fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, en centros docentes sostidos con fondos públicos no curso escolar 2015/16 | Fondo de libros | 2015<br>2016 | |
| Determinación das circunstancias excepcionais que permitan anticipar as Axudas de Inclusión Social concedidas a familias con menores cando concorran situacións de especial necesidade | Circular | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Introdución de alertas nos protocolos de atención ás persoas en procesos de inclusión sociolaboral no marco da EIS Galicia | Metodoloxía | 2016 | |

***Axentes implicados***

- *FEGAMP*
- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Consolidar e mellorar os procesos de coordinación e participación

**PRIORIDADE TRANSVERSAL 3. CONSOLIDAR E MELLORAR OS PROCESOS DE COORDINACIÓN E PARTICIPACIÓN**

| | |
|---|---|
| Obxectivo 1. | Garantir a coordinación interadministrativa para operativizar as medidas promovidas desde a Xunta de Galicia relacionadas coa inclusión social de persoas vulnerables |
| Obxectivo 2. | Consolidar canles de coordinación, cooperación e comunicación na área interna de Benestar |
| Obxectivo 3. | Colaborar e cooperar no desenvolvemento de medidas estratéxicas promovidas pola AGE para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 |
| Obxectivo 4. | Consolidar mecanismos de coordinación coa administración local e potenciar os de participación |

| **Obxectivo 1.** | **Garantir a coordinación interadministrativa para operativizar as medidas promovidas desde a Xunta de Galicia relacionadas coa inclusión social de persoas vulnerables** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Reunións bilaterais para a coordinación de medidas estratéxicas dos departamentos da Xunta de Galicia | Reunións de coordinación | 2016 | *Consellerías da Xunta de Galicia* |
| Reunións de traballo para a coordinación de actuacións entre os equipos de inclusión sociolaboral os Grupos de Desenvolvemento Rural e os Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) | Reunións Accións conxuntas | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e Axencia de Servizos Sociais de Galicia e Consellería do Mar e Consellería do Medio Rural- AGADER* |
| Recompilación de proxectos e actuacións financiadas ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e consideradas de boas prácticas polo resultado nos procesos de intervención sociolaboral con persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social | Documento de boas prácticas | 2016 | |
| Identificación e análise das áreas de mellora e de necesaria coordinación entre os Servizos Sociais e o Servizo Público de Emprego de Galicia, así como dos seus ámbitos de cooperación | Reunións Informe | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e Consellería de Economía, Emprego e Industria- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral* |
| Deseño e elaboración de modelos e ferramentas de traballo conxunto | Reunións Materiais, soportes | 2016 | |
| Desenvolvemento de consultas para a recollida de información e actividade dos equipos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal e municipal | Consultas | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS*[1] |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*

| **Obxectivo 2.** | **Consolidar canles de coordinación, cooperación e comunicación na área interna de Política Social** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de accións dirixidas á simplificación e axilización da tramitación da documentación requirida para o acceso aos recursos do Sistema público de Servizos Sociais | Modelo de Informe<br>Orde de publicación | 2015 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

[1] En posteriores referencias abreviarase con CGSIB/AGASS

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de accións conducentes á mellora da coordinación entre os Servizos Sociais comunitarios básicos, os equipos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal e as Unidades técnico administrativas de apoio ao órgano de resolución e concesión da RISGA (UTA) | Informe de análise das áreas de traballo que precisan reforzo e propostas de mellora<br>Reunións de coordinación | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Actividades dirixidas a garantir a homoxeneidade na resolución e concesión das prestacións de inclusión en todo o territorio da comunidade autónoma | Informe de análise de áreas de mellora<br>Mesas de debate e consenso<br>Acordos | 2016 | |
| Reunións entre responsables da coordinación dos dispositivos de inclusión sociolaboral de atención a persoas menores (Programa Mentor) e dos equipos e unidades de inclusión enmarcados na Estratexia de Inclusión Social | Reunións de coordinación | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica* |
| Establecemento de vías de derivación e comunicación de persoas usuarias entre os dispositivos de atención a menores e os de apoio á inclusión | Accións de cooperación | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*

| **Obxectivo 3.** | **Colaborar e cooperar no desenvolvemento de medidas estratéxicas promovidas pola Administración General del Estado para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Participación no grupo de cooperación técnica entre o Ministerio de Sanidad, Igualdad y Política social e CC.AA. en materia de poboación xitana | Reunións de cooperación técnica | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Participación no grupo de cooperación técnica entre o Ministerio de Sanidad, Igualdad y Política social e CC.AA. en materia de persoas sen fogar | Reunións de cooperación técnica | 2015<br>2016 | |
| Participación na Rede de Inclusión Social promovida polo Ministerio de Sanidad, Igualdad y Política social | Reunións | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Elaboración de instrumentos para o rexistro de valores de indicadores e envío de información relativa ao desenvolvemento do plano executado pola comunidade autónoma para o seguimento das Estratexias nacionais | Rexistro e xestión da información | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Participación no grupo de traballo do Sistema de Información de Usuarios/as de Servizos Sociais entre o Ministerio de Sanidad, Igualdad y Política social e CC.AA | Reunións | 2015<br>2016 | |

***Axentes implicados***

- *Ministerio de Sanidad, Igualdad y Política Social*
- *Outras Comunidades autónomas*

| **Obxectivo 4.** | **Consolidar mecanismos de coordinación coa administración local e potenciar os de participación** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Procurar accións informativas e formativas dirixidas ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, que constitúan espazos de encontro | Cursos de formación | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Impulso da cooperación entre ambos os dous ámbitos dos servizos sociais para o desenvolvemento de accións conxuntas a nivel comunitario/ local favorecedoras da cohesión social e a participación social comunitaria | Reunións | 2015<br>2016 | |
| Habilitación de fórmulas de participación do persoal técnico dos concellos que promovan programas específicos de inclusión social sobre cuestións relacionadas con esta materia: Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, Carteira de servizos de Inclusión Social, etc. | Reunións<br><br>Consultas | 2015<br>2016 | |
| Valoración da prestación conxunta de programas de inclusión sociolaboral entre concellos cunha puntuación superior nas convocatorias de subvencións | Modificación no baremo | 2015<br>2016 | |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Promover e facilitar a participación das entidades de iniciativa social

| PRIORIDADE TRANSVERSAL 4. PROMOVER E FACILITAR A PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL | | |
|---|---|---|
| | **Obxectivo 1.** | **Perfeccionar e consolidar fórmulas de coordinación** |
| | **Obxectivo 2.** | **Promover un maior uso de instrumentos e canles de participación** |

| **Obxectivo 1.** | **Perfeccionar e consolidar fórmulas de coordinación** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Introdución de axustes nas ordes de convocatoria en aras a dotar dunha maior cobertura temporal dos recursos, servizos e actividades obxecto de subvención | Aumento do período elixible de financiamento dos gastos | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Continuidade dos procesos participativos de valoración da idoneidade e complementariedade dos programas e actividades de inclusión das entidades de iniciativa social que concorren ás convocatorias de axudas, en colaboración co *CGSIB/AGASS* | Informes de valoración da idoneidade dos programas | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Reorientación dos contidos e accións subvencionables polas convocatorias de axudas para procurar novos recursos de interese ou aquelas outras prioritarias que precisan un especial reforzo de atención | Novas accións elexibles nas convocatorias de axudas | 2015 2016 | |
| Introdución de axustes no baremo de valoración dos proxectos que concorren ás convocatorias para apoiar a cooperación de entidades de iniciativa social entre si e/ou cos concellos | Axustes no baremo | 2015 | |

| **Obxectivo 2.** | **Promover un maior uso de instrumentos e canles de participación** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización de consultas, entrevistas, e outras fórmulas de colaboración e participación das entidades de iniciativa social na formulación de documentos estratéxicos ou relevantes en proceso de elaboración, ben de xeito directo ou a través de agrupacións e organizacións que as representan | Consultas Reunións | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

*Axentes implicados*

- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Abordar as consecuencias da exclusión territorial

| PRIORIDADE TRANSVERSAL 5. ABORDAR E REDUCIR AS CONSECUENCIAS DA EXCLUSIÓN TERRITORIAL | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Mellorar o acceso aos recursos comunitarios de carácter específico das persoas que residen en áreas territoriais afectadas polas consecuencias da crise demográfica |
| | Obxectivo 2. | Apoiar medidas de dinamización comunitaria |
| | Obxectivo 3. | Promover a dinamización económica e as oportunidades laborais, nomeadamente nas áreas rurais, en declive demográfico |

| **Obxectivo 1.** | **Mellorar o acceso aos recursos comunitarios de carácter específico das persoas que residen en áreas territoriais afectadas polas consecuencias da crise demográfica** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Introdución na convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social dos axustes precisos para atender as circunstancias específicas que presentan as persoas que residen en áreas territoriais illadas | Axustes nas ordes de axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Preparación dunha planificación operativa dos equipos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal | Reunións<br>Informe de propostas e viabilidade | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |

| **Obxectivo 2.** | **Apoiar medidas de dinamización comunitaria** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Comunicación e cooperación cos principais axentes comunitarios | Contactos<br>Accións conxuntas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Creación ou impulso de fórmulas que posibiliten oportunidades de participación e cooperación da cidadanía, especialmente das persoas máis vulnerables, na comunidade local | Accións de dinamización da comunidade | 2015<br>2016 | |
| Participación ou apoio no deseño e desenvolvemento de proxectos de ámbito comunitarios que promovan outros axentes | Redes/ grupos de traballo e cooperación | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
| --- | --- | --- | --- |
| Deseño e desenvolvemento de estratexias de comunicación e difusión de recursos e accións do ámbito comunitario | Accións de comunicación | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Apoio no deseño e mantemento de ferramentas web que posibiliten espazos de difusión da información e de participación para quen reside en áreas de elevada dispersión | Espazos virtuais | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Deseño e posta en marcha de proxectos pilotos colaborativos que permitan dar resposta a retos sociais, CeMIT-Innova. | Proxectos piloto colaborativos | 2015 2016 | *Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)* |
| Fomento da participación en actividades formativas e divulgativas a través de Videoconferencia e/ou Streaming | Cursos de formación | 2015 2016 | |
| Creación dun espazo colaborativo e de participación para a identificación e resolución de retos e necesidades sociais e visibilización e sensibilización das accións de innovación social,no marco de CeMIT-Innova | Espazo colaborativo | 2016 | |
| Fomento do voluntariado dixital virtual | Accións de difusión<br><br>Accións de captación | 2015 2016 | *Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ) e Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |
| Foros de participación e intercambio de experiencias a nivel provincial de redes de cooperación a nivel comunitario | Foros | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |
| Programa da *Rede de centros escolares solidarios* para promover a adquisición de competencias a través de proxectos de acción voluntaria cun impacto no seu entorno e na dinámica educativa do centro:<br>- Dinamización do programa, implicando á comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias) e institucións do contorno<br>- Celebración do día internacional do voluntariado, deseñada polo alumnado<br>- Encontro de alumnado da Rede para compartir experiencias | Proxectos de acción voluntaria | 2015 2016 | |
| Elaboración do pasaporte solidario | Programa Pasaporte | 2015 2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Accións de promoción do voluntariado en tres liñas clave:<br>- Difusión dos valores de solidariedade e participación entre a poboación galega moza;<br>- colaboración coas entidades locais de Galicia na execución de proxectos de voluntariado;<br>- Promoción do voluntariado entre a sociedade galega e da acción voluntaria como un soporte na achega da atención das realidades sociais | Accións de difusión<br><br>Accións de captación<br><br>Proxectos de voluntariado con entidades locais | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |
| Certificación das accións de voluntariado realizadas | Documentos de certificación | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 3.** | **Promover a dinamización económica e as oportunidades laborais nas áreas, nomeadamente rurais, en declive demográfico** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Actuacións para o despregamento de redes ultrarápidas en polígonos industrais de Galicia | Redes ultrarápidas | 2016 | *Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)* |
| Desenvolvemento do taller de formación de formadoras en materia de alfabetización dixital e empoderamento das mulleres rurais, no marco do Programa CERES | Taller de formación | 2015 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Accións dirixidas a impulsar as oportunidades de autoemprego e emprendemento no marco da Rede Eusumo:<br>- Actividades de difusión e información sobre as fórmulas de economía social<br>- Formación en habilidades e competencias para o emprendemento colectivo<br>- Asesoramento e acompañamento a grupos promotores | Accións de difusión<br><br>Cursos de formación<br><br>Accións de apoio a proxectos de emprendemento | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Análise da situación do cooperativismo en Galicia desde o punto de vista social, económico-financeiro e laboral, tendo en conta as variables territoriais e sectoriais | Informe | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento dun enfoque transversal en todas as actividades do Instituto Galego de Consumo para fomentar o consumo responsable | Metodoloxía | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Instituto Galego de Consumo* |
| Desenvolvemento, por parte da Escola Galega de Consumo, de accións formativas para a posta en valor dos produtos ecolóxicos e de calidade, traballando de xeito específico aqueles de orixe galega | Cursos de formación | 2015<br>2016 | |
| Axudas para a reparación de vivendas en concellos rurais co fin de dotalas das mínimas condicións de habitabilidade | Axudas | 2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo* |
| Axudas para a rehabilitación de núcleos rurais | Axudas | 2016 | |
| Fomento do emprego xuvenil no sector pesqueiro a través do Plan de Acción da Pesca Costeira Artesanal de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020, combinando a actividade laboral con formación remunerada a bordo de embarcacións de pesca de baixura | Cursos de formación<br><br>Bolsas de formación práctica | 2016 | *Consellería do Mar e Consellería de Economía, Emprego e Industria* |

## Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

| | | |
|---|---|---|
| **PRIORIDADE TRANSVERSAL 6. PROMOVER A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES** | Obxectivo 1. | Aumentar a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida comunitaria |
| | Obxectivo 2. | Incrementar a concienciación e coñecemento da poboación en materia de igualdade entre mulleres e homes |
| | Obxectivo 3. | Incorporar a perspectiva de xénero nas metodoloxías de intervención |

| **Obxectivo 1.** | **Aumentar a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida comunitaria** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento da Rede emprende en igualdade | Proxectos de emprendemento | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Apoio institucional e colaboración na realización de xornadas co fin de promover a incorporación das mulleres en situación de especial vulnerabilidade nos ámbitos formativo, tecnolóxico, laboral e de xeito específico, naquelas profesións onde están subrepresentadas | Xornadas | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Liña de axuda a entidades de iniciativa social para a inclusión socio-laboral e o empoderamento de mulleres en situación de especial vulnerabilidade | Axudas económicas a entidades de iniciativa social | 2015 2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Programa de fomento do emprendemento feminino dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou exclusión social, no marco do Programa EMEGA | Proxectos de emprendemento | 2015 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| *Obxectivo 2.* | **Incrementar a concienciación e coñecemento da poboación en materia de igualdade entre mulleres e homes** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento da Rede emprende en igualdade | Proxectos de emprendemento | 2015 2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Realización de campañas que promovan na sociedade un cambio de paradigma cara ao empoderamento e á participación social, política, económica e cultural das mulleres en condicións de igualdade, como por exemplo a campaña do día da muller "8 de marzo" ou a Campaña do día contra a violencia de xénero "25 de novembro" | Campañas | 2015 2016 | |
| Apoio institucional e colaboración na realización de xornadas co fin de promover a igualdade entre homes e mulleres | Xornadas | 2015 2016 | |
| Desenvolvemento de campañas e accións de sensibilización e información a mulleres | Campañas | 2015 2016 | |
| Apoio institucional e colaboración en xornadas dirixidas a promover a corresponsabilidade familiar | Xornadas | 2015 2016 | |

| *Obxectivo 3.* | Incorporar a perspectiva de xénero nas metodoloxías de intervención |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Colaboración na definición de indicadores de xénero na EIS Galicia 2014-2020 | Indicadores | 2015 2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Revisión dos documentos producidos no marco de desenvolvemento da Estratexia de Inclusión Social | Informes de revisión | 2015 2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Análise e emisión de informes de recomendacións sobre consultas relativas á aplicación da perspectiva de xénero nas políticas de inclusión social | Informes | 2015 2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Desenvolvemento de actuacións de carácter informativo e/ou formativo ao persoal técnico de inclusión sociolaboral | Accións informativas Cursos | 2015 2016 | |

## Xerar o coñecemento sobre a inclusión social en Galicia e difundir a Estratexia de Inclusión social de Galicia

**PRIORIDADE TRANSVERSAL 7. XERAR O COÑECEMENTO SOBRE A INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA E DIFUNDIR A ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA**

| | |
|---|---|
| Obxectivo 1. | Promover o rexistro e intercambio de información e coñecemento técnico entre profesionais |
| Obxectivo 2. | Favorecer a reflexión sobre aspectos clave na inclusión social activa e a innovación social |

| **Obxectivo 1.** | **Promover o rexistro e intercambio de información e coñecemento técnico entre profesionais** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Realización de accións formativas no uso do aplicativo de inclusión social, co obxecto de acadar maior rendibilidade por parte do persoal técnico usuario | Cursos de formación | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Perfeccionamento das ferramentas de rexistro da información sobre persoas participantes e actividades de inclusión sociolaboral | Aplicativo actualizado | 2015 2016 | |
| Participación en grupos de traballo e redes transnacionais que podan achegar coñecementos e experiencias de maior interese en materia de inclusión social | Reunións<br><br>Accións de intercambio de información | 2015 2016 | |
| Actualización e perfeccionamento de documentos técnicos de referencia para o traballo dos equipos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal | Documentos técnicos actualizados | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social- CGSIB/AGASS* |
| Deseño e desenvolvemento dunha ferramenta web dirixida a fomentar o rexistro e difusión de prácticas que pola súa metodoloxía ou resultado no acompañamento en procesos de inclusión sociolaboral podan resultar de interese | Ferramenta web<br><br>Fichas de boas prácticas | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

| | |
|---|---|
| **Obxectivo 2.** | **Favorecer a reflexión sobre aspectos clave na inclusión social activa e a innovación social** |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización consultas ao persoal técnico de inclusión social sobre materias específicas | Consultas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Desenvolvemento de consulta/s dirixida/s, de xeito específico ou non, a entidades de iniciativa social que desenvolven programas de inclusión apoiados pola Dirección Xeral de Inclusión Social coa participación directa das persoas usuarias | Consultas | 2015<br>2016 | |
| Participación en foros e/ou proxectos de ámbito interrexional ou transnacional específicos | Foros e proxectos transnacionais | 2015<br>2016 | |
| Identificación de fórmulas, recursos ou actividades implantadas localmente con éxito no marco dos programas de inclusión social apoiados pola Dirección Xeral de Inclusión Social | Informe de prácticas innovadoras | 2015<br>2016 | |
| Preparación de proxectos de testeo para a adaptación e replicación noutras partes territorio | Proxectos | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Posta en marcha dunha ferramenta que facilite un coñecemento detallado da sociedade galega sobre cuestións de relevancia no ámbito social | Enquisa/ consultas | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*
- *Corporacións locais*

## Promover a inclusión social das persoas en situación ou risco de exclusión social e o uso das TIC na intervención a prol da inclusión social

**PRIORIDADE TRANSVERSAL 8. PROMOVER A INCLUSIÓN DIXITAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E O USO DAS TICS NA INTERVENCIÓN A PROL DA INCLUSIÓN SOCIAL**

| | |
|---|---|
| Obxectivo 1. | Achegar o coñecemento sobre as tecnoloxías da sociedade da información a unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía |
| Obxectivo 2. | Mellorar a accesibilidade da poboación ás TIC |

| **Obxectivo 1.** | **Achegar o coñecemento sobre as tecnoloxías da sociedade da información a unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Deseño e posta en marcha do Plan de Formación de VolDIX | Plan de formación | 2015<br>2016 | *Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)* |
| Fomento do voluntariado dixital entre a cidadanía galega a través da difusión do programa de Voluntariado dixital e das vantaxes de participar no mesmo (formación, adquisición de novas competencias, certificación de experiencia voluntaria, contacto con entidades colaboradoras...) | Accións de difusión<br><br>Accións de captación | 2015<br>2016 | |
| Dinamización das entidades de acción voluntaria a través da difusión do programa de Voluntariado dixital, casos de éxito e boas prácticas | Accións de difusión<br>Rexistro de boas prácticas | 2015<br>2016 | |
| Visibilidade das empresas que colaboran co Programa de Voluntariado dixital a través das canles que dispón a AMTEGA | Accións de difusión | 2015<br>2016 | |
| Deseño e posta en marcha de proxectos e iniciativas singulares | Proxectos | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de cursos de formación en ofimática a través da Rede CeMIT e da formación on-line | Cursos de formación | 2015<br>2016 | |
| Realización de convocatorias de certificación | Convocatorias | 2015<br>2016 | |
| Emisión de certificacións acreditativas dos coñecementos adquiridos en ofimática | Documentos acreditativos | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de curso, talleres e charlas formativas no ámbito da alfabetización e capacitación dixital | Accións formativas | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de cursos de busca de activa de Emprego e de alfabetización dixital como parte do apoio aos procesos de inclusión sociolaboral | Cursos de formación | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*
- *Iniciativa privada*

| **Obxectivo 2.** | **Mellorar a accesibilidade da poboación ás TIC** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Continuidade das actuacións das 98 aulas da Rede CeMIT, distribuídas en máis de 90 concellos galegos | Aulas CeMIT | 2015 2016 | *Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)* |
| Identificación dun mapa de activos e recursos dixitais único para Galicia das entidades e axentes que realizan actividades formativas de TIC | Mapa de recursos dixitais | 2015 2016 | |
| Incentivación da realización de actividades de formación dixital (presencial e online) | Cursos de formación online | 2015 2016 | |
| Deseño e posta en marcha de fórmulas de coordinación entre a Estratexia de Inclusión Social de Galicia e os programas promovidos pola AMTEGA para a articulación de actuacións no eido da inclusión dixital | Protocolo | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e a AMTEGA* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*

## 2.2 PRIORIDADES SECTORIAIS

**Fomentar unha intervención de calidade dos servizos sociais na prevención e abordaxe integral das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social**

| PRIORIDADE SECTORIAL 1. FOMENTAR UNHA INTERVENCIÓN DE CALIDADE DOS SERVIZOS SOCIAIS NA PREVENCIÓN E ABORDAXE INTEGRAL DAS SITUACIÓNS PERSOAIS E FAMILIARES DE POBREZA, VULNERABILIDADE E EXCLUSIÓN SOCIAL | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Desenvolver medidas de acompañamento individualizado e de empoderamento das persoas que precisan un apoio específico para reverter a súa situación |
| | Obxectivo 2. | Desenvolver medidas flexibles e eficientes que procuren o acceso das persoas en situación de risco ou exclusión social aos recursos sociais específicos, con independencia do seu lugar de residencia |
| | Obxectivo 3. | Promover a calidade nos servizos de atención, incorporando melloras nas infraestruturas e dispositivos técnicos de loita contra a pobreza e a exclusión social |
| | Obxectivo 4. | Reducir o impacto das situacións de privación material nas familias |
| | Obxectivo 5. | Promover accións de loita contra a discriminación |

| **Obxectivo 1.** | **Desenvolver medidas de acompañamento individualizado e de empoderamento das persoas que precisan un apoio específico para reverter a súa situación** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Disposición de equipos técnicos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal | Equipos de inclusión comarcais | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Apoio financeiro para a disposición de unidades técnicas de inclusión sociolaboral nos concellos das principais cidades de Galicia | Unidades técnicas de inclusión en concellos | 2015<br>2016 | |
| Apoio financeiro a entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o acompañamento individualizado, cunha metodoloxía baseada en itinerarios | Unidades técnicas de inclusión en entidades | 2015<br>2016 | |
| Apoio financeiro a programas de inclusión social que inclúan o desenvolvemento de accións formativas para a promoción das competencias persoais e sociais | Programas de inclusión<br>Cursos de formación | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Incorporación de contidos lectivos dedicados á motivación nos cursos de formación adaptada que se impartan no marco de axudas financeiras a programas de inclusión sociolaboral | Contidos formativos | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Incorporación dun enfoque sistémico na atención relacionada coa orientación e seguimento a persoas en procesos de inclusión sociolaboral | Axustes metodolóxicos | 2015 2016 | |
| Garantía de atención polo/a mesmo/a profesional de referencia a persoas que formen parte da mesma unidade de convivencia | Organización do servizo | 2015 2016 | |
| Atención, mediante orientación e derivación, dos factores de vulnerabilidade que afectan máis alá do nivel individual | Axustes metodolóxicos | 2015 2016 | |
| Apoio económico ás entidades de iniciativa para a oferta e prestación de servizos de conciliación vinculados a participación nestes procesos de inclusión social ou sociolaboral | Servizos de conciliación | 2015 2016 | |
| Introdución de axustes na baremación dos programas de inclusión presentados á convocatoria de axudas para favorecer a oferta de servizos de conciliación ás persoas participantes en procesos de inclusión sociolaboral | Baremo modificado | 2015 2016 | |
| Apoio económico a programas específicos de apoio á inclusión sociolaboral das mulleres, que inclúan, entre outras, medidas de apoio urxente e de acompañamento social e psicolóxico para atender súas circunstancias persoais | Programas | 2015 2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Promoción, no marco dos procesos de inclusión, da participación en actividades de base solidaria ou programas de voluntariado, como o de acompañamento a persoas con Alzheimer | Programas de voluntariado | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |

***Axentes implicados***

- *Ministerio del Interior- Secretaria General de Instituciones Penitenciarias*
- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| Obxectivo 2. | Desenvolver medidas flexibles e eficientes que procuren o acceso das persoas en situación de risco ou exclusión social aos recursos sociais específicos, con independencia do seu lugar de residencia |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Consideración de novas fórmulas de axuda para o desprazamento das persoas participantes en programas de Inclusión sociolaboral, adaptadas ás características da súa área de residencia | Proxectos | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| Obxectivo 3. | Promover a calidade nos servizos de atención, incorporando melloras nas infraestruturas e dispositivos técnicos de loita contra a pobreza e a exclusión social |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Creación da plataforma tecnolóxica de base prevista no Plan Trabe | Plataforma tecnolóxica | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)* |
| Desenvolvemento dun poboacional único transversal aos sistemas de información de servizos sociais | Poboacional | 2015<br>2016 | |
| Posta en marcha da primeira versión do sistema de información de soporte á Historia Social Única | Sistema de información | 2015<br>2016 | |
| Elaboración dun mapa de recursos de inclusión | Mapa de recursos | 2015 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Apoio económico a programas de formación adaptada dirixidos a persoas en procesos de inclusión sociolaboral | Cursos de formación adaptada | 2015<br>2016 | |
| Apoio ao deseño, testeo e implementación do modelo Inclúe, de valoración das situación de vulnerabilidade e exclusión social | Ferramenta de valoración | 2015<br>2016 | |
| Deseño e desenvolvemento normativo da Carteira de Servizos Sociais de Inclusión | Decreto | 2015<br>2016 | |
| Disposición de axudas económicas de carácter non periódico a entidades públicas e de iniciativa social para a reforma e acondicionamento dos centros de atención á exclusión social co financiamento do FEDER | Axudas Reformas nos centros | 2016 | |
| Realización dunha análise da operatividade e cobertura dos equipos de inclusión sociolaboral no territorio | Informe de análise | 2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Promoción da especialización e xestión do coñecemento daquelas unidades con maior experiencia na abordaxe da Inclusión social co enfoque territorial ou con especialización na abordaxe dun factor de vulnerabilidade específico | Cursos de formación | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Mantemento dos Centros de Información á Muller para a oferta de servizos de información, asesoramento xurídico e atención psicolóxica ás mulleres con especiais dificultades para a súa inclusión social. | Centros de información | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Obxectivo 4. Reducir o impacto das situacións de privación material nas familias

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Axudas a familias para o pago de parte da factura eléctrica | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria-Instituto Galego da Enerxía* |
| Disposición de axudas urxentes de tipo social (Auxs) para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables | Axudas | 2016 | |
| Desenvolvemento de cursos de formación de formadores en materia de consumo e pautas de aforro e administración da economía doméstica ao persoal que realiza acompañamento en procesos de inclusión | Cursos de formación | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria-Instituto Galego de Consumo* |
| Realización de accións informativas e de formación individual sobre consumo e xestión da economía doméstica dirixidas a grupos de persoas en procesos de inclusión social ou sociolaboral | Cursos de formación | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Desenvolvemento de cursos de formación grupal adaptada en materia en consumo, aforro e economía doméstica | Cursos de formación adaptada | 2015<br>2016 | |
| Incorporación nos proxectos de inclusión sociolaboral de obxectivos que atinxan a outros membros da unidade de convivencia a cargo da persoa que se atopa no proceso | Axustes metodolóxicos | 2015<br>2016 | |
| Posta en marcha do Programa de intervención de *La Caixa Pro Infancia* | Programa | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*
- *Iniciativa privada*

| **Obxectivo 5.** | **Promover accións de loita contra a discriminación** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización da acción formativa *Deseño da intervención con menores en situación de desprotección ou sometidos a medidas xudiciais*, a través do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, en colaboración coa EGAP dirixida ao persoal técnico dos servizos sociais especializados en protección de menores | Curso de formación | 2015 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- Escola Galega da Administración Pública* |
| Desenvolvemento de accións formativas dirixidas aos membros das forzas e corpos de seguridade relacionadas con:<br>- materia de estranxeiría<br>- atención a vítimas da violencia de xénero<br>- atención ás persoas en situación de exclusión social | Cursos de formación | 2015<br>2016 | |
| Formación na actualidade normativa relativa ao sistema de Protección á infancia e adolescencia ao persoal técnico dos servizos sociais especializados en protección de menores | Cursos de formación | 2016 | |
| Realización de accións de sensibilización dirixidas aos membros das forzas e corpos de seguridade sobre as ditas materias: charlas, materiais, encontros… | Materiais<br>Charlas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Preparación e realización de charlas de sensibilización nos centros escolares; e na contorna, a través dos concellos e de entidades de iniciativa social | Charlas | 2015<br>2016 | |
| Apoio, a través de convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social, ao desenvolvemento de accións de mediación nos diferentes ámbitos clave de Inclusión social | Axudas | 2015<br>2016 | |
| Difusión, a través da web da consellería, do sistema de atención ás vítimas de discriminación que presta o *Consejo de No Discriminación por Origen Racial o Étnico* en colaboración coas ONG | Contidos Web | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*
- *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Atender de xeito específico e complementario os factores de exclusión social que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para acadar a súa plena inclusión social

**PRIORIDADE SECTORIAL 2. ATENDER DE XEITO ESPECÍFICO E COMPLEMENTARIO OS FACTORES DE EXCLUSIÓN SOCIAL QUE PRESENTAN DETERMINADAS PERSOAS OU GRUPOS VULNERABLES PARA ACADAR A SÚA PLENA INCLUSIÓN SOCIAL**

| | |
|---|---|
| Obxectivo 1. | Promover medidas dirixidas a aumentar a participación social e laboral das persoas inmigrantes |
| Obxectivo 2. | Promover a inclusión sociolaboral das persoas retornadas |
| Obxectivo 3. | Apoiar os procesos de reinserción sociolaboral das persoas reclusas e exreclusas, mediante dispositivos específicos nos centros penitenciarios |
| Obxectivo 4. | Reforzar e atender os proxectos de inserción sociolaboral de menores tutelados/as, extutelados/as, en garda, con medidas de protección ou suxeitos a medidas xudiciais de responsabilidade penal |
| Obxectivo 5. | Ofertar unha intervención especializada para atender as necesidades das persoas sen fogar |
| Obxectivo 6. | Desenvolver unha intervención integral e estratéxica coa comunidade xitana |
| Obxectivo 7. | Habilitar recursos de apoio para fomentar a inclusión social das persoas con discapacidade e das persoas con enfermidade mental |
| Obxectivo 8. | Apoiar os procesos de rehabilitación das persoas con problemas de adicción |
| Obxectivo 9. | Atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero |

| Obxectivo 1. | Promover medidas dirixidas a aumentar a participación social e laboral das persoas inmigrantes |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de programas de información, orientación e asesoramento dirixidas ás persoas inmigrantes para a mellora da accesibilidade aos diferentes servizos, en colaboración cos concellos e as entidades de iniciativa social | Programas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Apoio financeiro a corporacións locais e entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de accións dirixidas a aumentar na poboación inmigrante o coñecemento sobre a cultura e valores da sociedade de acollida | Cursos de formación | 2015<br>2016 | |
| Promoción da participación das persoas inmigrantes en procesos de inclusión sociolaboral en accións para a adquisición de competencias lingüísticas, a través do apoio a programas das corporacións locais e das entidades de iniciativa social | Cursos de formación | 2015<br>2016 | |
| Realización de accións de información, orientación e asesoramento legal en materia de estranxeiría (autorizacións de residencia e traballo, renovacións, reagrupacións familiares, arraigo...), en colaboración coas corporacións locais | Accións informativas<br><br>Entrevistas/ reunións | 2015<br>2016 | |
| Accións de información e acompañamento nos trámites conducentes á homologación e validación dos títulos académicos non expedidos en España | Xestións | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de actividades promotoras da participación social da poboación inmigrante como parte dos seus procesos de inclusión | Actividades grupais | 2015<br>2016 | |
| Prover de información e promover a participación en actividades comunitarias das persoas inmigrantes en procesos de inclusión | Actividades grupais | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de programas integrais de atención a mulleres vítimas de explotación sexual e vítimas de trata de seres humanos | Cursos de formación<br><br>Charlas<br><br>Entrevistas<br><br>Sesións<br><br>Apoio e asesoramento técnico | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
| --- | --- | --- | --- |
| Elaboración dun Plan de acollida para persoas refuxiadas para a planificación e organización do proceso de acollida e integración | Plan | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e Dirección Xeral de Inclusión Social; Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Consellería de Infraestruturas e Vivenda; Consellería de Sanidade* |
| Establecemento de mecanismos de colaboración e coordinación entre todas aquelas entidades, institucións e particulares que están en disposición de ofrecer recursos e/ou servizos | Reunións<br>Instrumentos de colaboración | 2016 | |
| Realización de accións de mediación que reforcen os procesos de inclusión sociolaboral da poboación inmigrante, en colaboración con entidades de iniciativa social | Entrevistas<br>Sesións | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

***Axentes implicados***

- *Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 2.** | **Promover a inclusión sociolaboral das persoas retornadas** |
| --- | --- |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
| --- | --- | --- | --- |
| Desenvolvemento de programas de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral dirixidos ás persoas inmigrantes retornadas | Programas | 2015<br>2016 | *Presidencia da Xunta de Galicia- Secretaría Xeral da Emigración* |
| Disposición de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas, para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia | Axudas | 2015<br>2016 | |

| **Obxectivo 3.** | **Apoiar os procesos de reinserción sociolaboral das persoas reclusas e exreclusas, mediante dispositivos específicos nos centros penitenciarios** |
| --- | --- |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
| --- | --- | --- | --- |
| Desenvolvemento do Programa Nelson Mandela no Centro Penitenciario de Teixeiro (A Coruña), de acompañamento en procesos de inclusión das persoas reclusas cuxa saída está próxima | Equipo de inclusión sociolaboral | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización de accións de coordinación dos dispositivos de inclusión do centro penitenciario con recursos do Sistema de Servizos Sociais externos, para o seguimento e continuación dos procesos iniciados en réxime interno | Metodoloxía | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e CGSIB/AGASS* |
| Programa Punto de Partida, de acompañamento e atención individualizados a persoas reclusas e exreclusas e para a atención individualizada, derivación a recursos comunitarios para o asesoramento, formación e emprego, en colaboración con entidades de iniciativa social no centro penitenciario de Pereiro de Aguiar (Ourense) | Entrevistas<br>Cursos/ accións de formación<br>Accións de asesoramento | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Desenvolvemento de accións individuais e/ou grupais sociosanitarias de apoio a procesos de deshabituación de persoas internas en proxectos de inclusión sociolaboral, en colaboración con entidades de iniciativa social nos centros penitenciarios de Monterroso (Lugo) e Pereiro de Aguiar (Ourense) | Cursos<br>Charlas<br>Entrevistas | 2015 2016 | |
| Información e distribución de materiais de prevención da infección VIH nos centros penitenciarios | Materiais | 2015 2016 | *Consellería de Sanidade- Dirección Xeral de Saúde pública* |
| Implementación do proxecto Acción 14, de conmutación de penas impostas xudicialmente por servizos á comunidade, a través das UAD, concellos, entre outros | Proxecto | 2015 2016 | *Consellería de Sanidade- Servizo Galego de Saúde* |
| Desenvolvemento de actuacións coa Fundación Érguete Integración: Programas *Iténere*, *Sofía* e *Eva*, estes últimos están dirixidos de xeito específico a mulleres | Programas | 2015 2016 | |
| Apoio a actuacións das entidades de iniciativa social Alborada e Cruz Vermella- Lugo para a atención de persoas drogodependentes dos cárceres de A Lama (Pontevedra) e Bonxe (Lugo) | Atencións sociosanitarias | 2015 2016 | |
| Desenvolvemento de actuacións co *Proyecto Hombre*- Programa intervención terapeútica comunitaria Pereiro de Aguiar | Programa | 2015 2016 | |
| *Programa Voluntarios desde Dentro*, para promover a participación social da poboación reclusa que desexe colaborar como voluntario/a e realizar cursos de voluntariado para esta | Acción voluntaria<br>Cursos de formación | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |

*Axentes implicados*

- *Ministerio del Interior- Secretaría General de Instituciones Penitenciarias*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social*

| | |
|---|---|
| **Obxectivo 4.** | **Reforzar e atender os proxectos de inserción sociolaboral de menores tutelados/as, extutelados/as, en garda, con medidas de protección ou suxeitos a medidas xudiciais de responsabilidade penal** |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Accións de preparación de fórmulas de cooperación e colaboración entre as unidades de atención ao menor en centros e aqueles que cumpren medidas xudiciais e os servizos sociais comunitarios básicos e específicos | Reunións<br>Accións conxuntas | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica e Dirección Xeral de Inclusión Social* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| | |
|---|---|
| **Obxectivo 5.** | **Ofertar unha intervención especializada para atender as necesidades das persoas sen fogar** |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Convenio de colaboración con Cruz Vermella para a disposición de unidades de rúa nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago para o desenvolvemento de actuacións de acompañamento ás persoas sen teito | Convenio<br>Unidades de rúa | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Incorporación dunha persoa profesional da psicoloxía nas unidades de rúa que atenden ás persoas sen fogar | Recursos humanos | 2015<br>2016 | |
| Incorporación e desenvolvemento normativo do servizo de acollida básica na Carteira de Servizos Sociais de Inclusión | Decreto | 2015<br>2016 | |
| Establecemento de canles de traballo conxunto entre o persoal de psiquiatría e o de servizos sociais nos casos onde exista un risco elevado de ruptura coa contorna e senfogarismo | Reunións | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e Consellería de Sanidade-SERGAS* |
| Promoción de redes de cooperación local entre os dispositivos de servizos sociais e de atención sanitaria especializada | Grupos de traballo | 2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Actividades de sensibilización ao alumnado de centros da Rede Centros Escolares Solidarios promotoras da dignificación das persoas sen fogar, incluíndo visitas a recursos comunitarios de atención a esta necesidade | Charlas<br><br>Visitas | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e Dirección Xeral de Inclusión Social* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Obxectivo 6. Desenvolver unha intervención integral e estratéxica coa comunidade xitana

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento das medidas comprendidas na Estratexia sectorial de Inclusión social da poboación xitana en Galicia 2014-2020[2] | Informe | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

***Axentes implicados***

- *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*
- *Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Instituto Galego de Vivenda e Solo*
- *Consellería de Sanidade e SERGAS*
- *Consellería de Economía, Emprego e Industria*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Obxectivo 7. Habilitar recursos de apoio para fomentar a inclusión social das persoas con discapacidade e das persoas con enfermidade mental

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Elaboración da Estratexia Galega sobre Discapacidade: constitución do grupo de traballo integrado pola administración, as entidades representativas do ámbito da discapacidade, así como colexios oficiais de Psicoloxía, Traballo social e Educación Social | Estratexia<br><br>Reunións<br><br>Informe de aprobación do Consello | 2015 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade* |
| Apoio institucional e colaboración na realización de xornadas dirixidas a mulleres con discapacidade | Xornadas | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |

[2] Véxase o apartado do informe que contén información específica

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de convenios de colaboración coas entidades do ámbito da discapacidade para o mantemento das estruturas federativas e a realización de programas | Convenios | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade* |
| Incorporación de cláusulas específicas nas que se estableza a incorporación de medidas e programas que promovan a participación e visibilización das mulleres con discapacidade | Normativa | 2015<br>2016 | |
| Accións de colaboración coa Administración Xeral do Estado no deseño e posta en marcha do *Plan de Acción de la Estrategia Española sobre Discapacidad* para el período 2012-2020 | Reunións | 2015<br>2016 | |
| Configuración e posta en marcha do Plan de acción da Estratexia Galega sobre Discapacidade 2015-2020, na súa fase 1 (2016-2017) | Plan | | |
| Establecemento dun protocolo xeral para traslados e ingresos non voluntarios e urxentes de persoas con enfermidade mental entre a Consellería de Sanidade- SERGAS, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e a Delegación do Goberno en Galicia | Protocolo | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade- SERGAS Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* |
| Desenvolvemento dun protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Sanidade para a atención en Santiago de alumnado de trastornos de conduta | Protocolo | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade- SERGAS e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* |
| Proxectos de atención xurídico social (PAXS): concertos específicos con ONGs | Proxectos | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade- SERGAS* |
| Axuda ao desenvolvemento de cursos de formación adaptada que conteñan módulos orientados á promoción das habilidades persoais e prelaborais, nomeadamente as habilidades e competencias de carácter non cognitivo: autocontrol das emocións, autodiagnóstico, comunicación, empatía, asertividade, resiliencia, escoita activa... | Axudas<br><br>Cursos de formación adaptada | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

### *Axentes implicados*

- *Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*
- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| Obxectivo 8. | Apoiar os procesos de rehabilitación das persoas con problemas de adicción |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Apoio económico a entidades de iniciativa social para a realización de accións educativo-terapeúticas e de inclusión sociolaboral en centros de atención a persoas con trastornos aditivos | Axudas<br><br>Actividades formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade-SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |
| Fomento dos programas de atención de trastornos aditivos e medidas promotoras da súa accesibilidade con independencia do lugar de residencia:<br>- Apoio ao funcionamento das unidades de trastornos aditivos das asociacións ACLAD, Alborada, Cruz Roja e da FEGAMP (13 concellos), cun ámbito de intervención supramunicipal.<br>- Apoio ao desenvolvemento de programas de incorporación personalizado (PIP) en todas as unidades asistenciais de trastornos aditivos.<br>- Promoción de programas de atención a persoas exalcohólicas desenvolvidos por entidades de iniciativa social (Asociacións Luis Miguel Morás, Ferrolterra, Asvidal e As Burgas).<br>- Realización de programas de incorporación sociolaboral nas Unidades de día de atención ao drogodependentes, en colaboración con entidades de iniciativa social.<br>- Apoio á atención a persoas con trastornos aditivos no marco do *Proyecto Hombre*, promovido pola Fundación Monte do Gozo | Programas<br><br>Unidades de atención<br><br>Proxectos individuais | 2015<br>2016 | |
| Programa de prevención familiar de trastornos aditivos de carácter selectivo dirixido a mellorar as competencias educativas e de xestión familiar | Programa | 2015<br>2016 | |
| Contratación laboral de persoas drogodependentes en proceso de reinserción sociolaboral no marco do Plan Nacional de Drogas (colaboración entre a Delegación do Goberno, a Xunta de Galicia e a Sociedade Condes de Albarei) | Contratos | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Recursos integrais de axuda a mulleres con problemas de adicións en situación de risco ou exclusión social:<br>- Tratamento das mulleres con trastornos aditivos ((liña estratéxica nº 5 do Plan de Transtornos aditivos de Galicia 2011-2016 )<br>- Centro de mulleres xestantes de As Cernadas (Proxecto Home), que permite non se teñan que separar dos fillos e habilita instalacións para eles<br>- Vivenda para mulleres con trastornos aditivos (Asociación Erguete-Vigo) | Recursos residenciais<br><br>Tratamentos médicos | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade-SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |
| Axudas de inclusión social para afrontar gastos extraordinarios derivados da atención sociosanitaria | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

*Axentes implicados*

- *FEGAMP*
- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Obxectivo 9. Atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Liña de axudas a programas que facilitan unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero que inclúa:<br>- Acollemento e atención integral<br>- Atención psicolóxica<br>- Asesoramento xurídico<br>- Formación prelaboral e formación sociolaboral<br>- Apoio e acompañamento no proceso de busca de emprego e inserción laboral<br>- Promoción do acceso á vivenda a través dos programas do IGVS | Axudas<br><br>Programas | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Liña de axudas para atención aos fillos e ás fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero nas súas necesidades específicas de reparación, a través de programas que contemplan:<br>- Acollemento e atención integral<br>- Atención psicolóxica<br>- Apoio social | Axudas<br><br>Programas | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Formación en violencia de xénero para persoal dos Centros de Información á Muller-CIM e dos servizos sociais a través da programación formativa propia da Secretaría Xeral da Igualdade e desta en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública | Cursos de formación | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral de Igualdade* |
| Atención especializada ás vítimas de prostitución e/ou trata a través de programas que inclúen:<br>- Acollida de seguridade<br>- Apoio psicolóxico e xurídico<br>- Asesoramento sociolaboral | Programas | 2015<br>2016 | |
| Mellora das ferramentas informáticas da área de violencia de xénero para facilitar a coordinación e as derivacións de persoas entre os servizos de atención especializada e os servizos sociais comunitarios | Ferramentas | 2015<br>2016 | |
| Reforzo das axudas económicas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero previstas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004 e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a través de:<br>- Axudas económicas de pagamento periódico<br>- Axudas económicas de pagamento único<br>- Indemnizacións | Axudas | 2015<br>2016 | |
| Elaboración dun protocolo de coordinación e colaboración institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia coa colaboración do Observatorio Galego da Violencia de Xénero | Protocolo | 2016 | |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *Escola Galega de Administración Pública*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral

| PRIORIDADE SECTORIAL 3. GARANTIR UNS INGRESOS MÍNIMOS VINCULADOS Á ACTIVACIÓN SOCIOLABORAL | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Articular axudas de carácter económico para atender situacións persoais e familiares de necesidade social |
| | Obxectivo 2. | Promover a activación das persoas en situación de pobreza e exclusión social co fin de evitar a cronificación e a súa dependencia dos dispositivos de axuda |
| | Obxectivo 3. | Apoiar a atención dos/as menores nos fogares en situación de vulnerabilidade ou de pobreza, promovendo o exercicio positivo das responsabilidades parentais |

| **Obxectivo 1.** | **Articular axudas de carácter económico para atender situacións persoais e familiares de necesidade social** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Renda de integración social de Galicia (RISGA), vinculada a un proxecto de inclusión social e familiar, cando se cumpren os requisitos establecidos na lei de inclusión | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Axudas de inclusión social ás persoas perceptoras da RISGA, nos casos previstos na lei de inclusión | Axudas | 2015<br>2016 | |

| **Obxectivo 2.** | **Promover a activación das persoas en situación de pobreza e exclusión social co fin de evitar a cronificación e a súa dependencia dos dispositivos de axuda** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Colaboración na organización e desenvolvemento de cursos de formación de formadores en consumo, aforro e administración de economía doméstica para os profesionais dos equipos de inclusión sociolaboral, da Escola de Consumo | Cursos de formación | 2015 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social- Consellería de Economía, Emprego e Industria- Instituto Galego de Consumo* |
| Fomento da lóxica da obriga recíproca entre a persoa que recibe as prestacións e/ou os servizos e a administración que os prové, así como o compromiso de participar activamente na consecución dos obxectivos escalonados e realistas establecidos no proxecto de inclusión sociolaboral | Metodoloxía | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento polas persoas perceptoras da RISGA de proxectos de inclusión con actuacións de formación, orientación e intermediación laboral, compatibles coa realización de traballos esporádicos e de menor contía, ou insercións temporais ou parciais para estimular o acceso ao emprego | Proxectos de inclusión | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Cursos de formación de formadores en consumo, aforro e administración de economía doméstica para os profesionais de intervención directa dos servizos sociais municipais, en colaboración coa Escola de Consumo | Cursos de formación | 2016 | |
| Apoio económico ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social | Axudas<br><br>Contratos | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 3.** | **Apoiar a atención dos/as menores nos fogares en situación de vulnerabilidade ou de pobreza, promovendo o exercicio positivo das responsabilidades parentais** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, de recuperación, específicos personalizados, e de habilidades sociais | Programas de reforzo | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Realización de actividades educación familiar no marco dos proxectos de inclusión sociolaboral, que promovan o exercicio da partentalidade positiva e favoreza o éxito escolar e a permanencia na escola de menores de familias en situación de vulnerabilidade | Accións educativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| PRIORIDADE SECTORIAL 4. FAVORECER A INSERCIÓN LABORAL NUN MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Reformular as políticas activas de emprego para adaptalas ás necesidades específicas das persoas en situación de risco ou exclusión social coa finalidade de promover o seu acceso ao mercado laboral dunha maneira efectiva |
| | Obxectivo 2. | Promover accións para a activación e mellora da empregabilidade das persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social |
| | Obxectivo 3. | Fomentar o emprendemento, o emprego autónomo e as iniciativas de economía social |
| | Obxectivo 4. | Promover a colaboración da iniciativa privada nos obxectivos de inserción laboral das persoas máis vulnerables |
| | Obxectivo 5. | Promover unha intervención conxunta entre o Sistema galego de Servizos Sociais e as oficinas do Servizo Público de Emprego |
| | Obxectivo 6. | Fomentar no ámbito laboral a igualdade entre mulleres e homes e a diversidade |

| **Obxectivo 1.** | **Reformular as políticas activas de emprego para adaptalas ás necesidades específicas das persoas en situación de risco ou exclusión social coa finalidade de promover o seu acceso ao mercado laboral dunha maneira efectiva** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento dunha estratexia de cualificación a través do acceso a certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3 baseada na:<br>- Oferta e realización de accións formativas de preparación dos exames de competencias clave<br>- Realización de convocatorias de probas de competencias clave | Cursos<br><br>Probas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral,* e *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |
| Oferta, a través do apoio económico ás corporación locais e entidades de iniciativa social, de recursos de formación básica e de tipo laboral específico no marco dos procesos de inclusión:<br>- Capacitación en habilidades básicas e formación prelaboral<br>- Formación e orientación laboral | Axudas<br><br>Cursos de formación adaptada | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| *Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa* para a realización de prácticas formativas non remuneradas en empresas/entidades europeas | Formación práctica | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| *Programa de Garantía Xuvenil*, dirixido a promover o acceso ao mercado laboral das persoas menores de 30 anos | Proxectos individuais de inserción laboral<br><br>Actividades formativas<br><br>Incentivos<br><br>Proxectos de emprendemento | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego e Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral* |
| *Programa Extraordinario de Activación para o Emprego para as persoas en situación de desemprego de longa duración* con cargas familiares | Proxectos individuais de inserción laboral<br><br>Actividades formativas<br><br>Incentivos | 2015<br>2016 | |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 2.** | **Promover accións para a activación e mellora da empregabilidade das persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Deseño e organización de sesións formativas presenciais ou virtuais para facilitar a busca activa de emprego e orientar sobre o seu uso con apoio das TIC, a través da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica-CeMIT presentes en 92 concellos e da Plataforma de comunicación *on-line* EMA | Programa de contidos<br><br>Cursos | 2015<br>2016 | *Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA)* |
| Axuda económica ás entidades promotoras de proxectos de emprego con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social dos preparadores/as laborais contratados para levar a cabo as accións de apoio ás persoas con discapacidade severa e con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Axuda económica para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas de empresas de inserción laboral | Axudas | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Axudas económicas para reforzar os procesos de transición das persoas con discapacidade que traballan no ámbito do emprego protexido ao mercado laboral ordinario para:<br>- Contratación indefinida a aquelas procedentes de centros especiais de emprego ou dun enclave laboral<br>- Contratación de persoas traballadoras procedentes de centros especiais de emprego<br>- Contratación temporal cunha duración inicial mínima de 12 meses, a persoas desempregadas con discapacidade inscritas como demandantes de emprego procedentes de centros especiais de emprego | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Deseño e acompañamento en procesos individualizados de inclusión sociolaboral que combinan accións dirixidas á mellora da empregabilidade con outras de conciliación para persoas en fogares con menores ou persoas dependentes a cargo | Proxectos individualizados de inclusión | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión e CGSIB/AGASS* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Obxectivo 3. Fomentar o emprendemento, o emprego autónomo e as iniciativas de economía social

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Axudas e subvencións a entidades integradas na Rede Eusumo para a realización de accións informativas e/ou formativas en materia de emprendemento, considerando como criterio de valoración positiva para a resolución aquelas dirixidas a persoas pertencentes a persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Axudas económicas para á promoción do emprego autónomo, incentivando especialmente ás mulleres desempregadas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social | Axudas | 2015<br>2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais e promoción do cooperativismo:<br>- Incentivos ás cooperativas ou sociedades laborais que incorporan novos/as socios/as traballadores/as ou de traballo<br>- Axudas para a achega ao capital social para as persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo a cooperativas ou sociedades laborais, ou que inician unha actividade por conta propia a través dunha cooperativa<br>- Subvencións para os gastos de constitución e posta en marcha de cooperativas e sociedades laborais<br>- Axudas para formación e asesoramento do persoal de cooperativas e sociedades laborais de nova creación | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, no marco do Plan EDUEMPRENDE, coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia- BIC Galicia:<br>- Fomento da cultura emprendedora en todos os centros sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma (educación primaria, ESO, bacharelato, ensinanzas para persoas adultas, FP, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, e ensinanzas deportivas)<br>- *Programa Atrévete* a través do que se dá a coñecer aos rapaces o tecido industrial da súa contorna a través de visitas ás empresas das diferentes asociacións empresariais colaboradoras e de actividades do fomento do emprendemento, que se celebran nos Centros Integrados de Formación Profesional<br>- Concurso *Atrévete a ter unha idea*, no que os/as alumnas/os deberán propoñer unha idea de negocio e redactala | Charlas<br><br>Visitas a empresas<br><br>Concurso | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Redución de impostos no rural para favorecer a actividade económica e a fixación de poboación no territorio:<br>- Exención do pagamento do imposto de transmisións patrimoniais de fincas en solo rústico | Normativa | 2016 | *Consellería de Facenda* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| - Exención do pagamento da transmisión ou ampliación de explotacións agrarias, e do imposto de Actos Xurídicos Documentados polas agrupacións de fincas rústicas | Normativa | 2016 | *Consellería de Facenda (cont.)* |

***Axentes implicados***

- *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza- Secretaría Xeral da Igualdade*
- *Consellería de Facenda*
- *Consellería de Economía, Emprego e Industria- BIC Galicia*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 4.** | **Promover a colaboración da iniciativa privada nos obxectivos de inserción laboral das persoas máis vulnerables** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas no marco do Programa operativo de emprego xuvenil | Bolsas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Axudas económicas para a implantación da responsabilidade social empresarial e a igualdade nas pequenas e medianas empresas | Axudas | 2015<br>2016 | |
| Incentivos as empresas que contraten persoas pertencentes a colectivos en risco de pobreza e exclusión social | Axudas | 2015<br>2016 | |
| Realizar accións de sensibilización, información e asesoramento nas empresas sobre as medidas de promoción do emprego de persoas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral | Visitas a empresas<br><br>Charlas | 2015<br>2016 | |
| Convenios de colaboración con asociacións empresariais para incentivar a posta en marcha das accións comprendidas no Convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para promover a sensibilización social fronte á violencia de xénero e a inserción laboral de mulleres que a sufriron | Convenios | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza- Secretaría Xeral da Igualdade* |
| Desenvolvemento de servizos de intermediación laboral para o establecemento de liñas de colaboración con empresas nos obxectivos de inclusión sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social | Visitas/<br>contactos | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Iniciativa privada*

| **Obxectivo 5.** | **Promover unha intervención conxunta entre o Sistema galego de Servizos Sociais e as oficinas de do Servizo Público de Emprego** |
|---|---|

| ***Actuacións*** | ***Produto*** | ***Ano*** | ***Responsable principal*** |
|---|---|---|---|
| Consideración como colectivo prioritario ás persoas beneficiarias da RISGA nos Programas de Incentivos á contratación por conta allea, ao autoemprego e o fomento da economía social e nos programas de cooperación con outras administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro para a realización de obras e servizos e os programas mixtos de emprego | Normativa | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 6.** | **Fomentar no ámbito laboral a igualdade entre mulleres e homes e a diversidade** |
|---|---|

| ***Actuacións*** | ***Produto*** | ***Ano*** | ***Responsable principal*** |
|---|---|---|---|
| Apoio económico para fomentar a igualdade laboral nas empresas nos seguintes ámbitos:<br>- Implantación de plans de igualdade nas empresas non obrigadas legalmente pola Lei orgánica 3/2007<br>- Desenvolvemento de medidas promotoras da conciliación da vida familiar e laboral<br>- Incorporación de accións dirixidas a aumenta a representación feminina nos eidos laborais ocupados de xeito predominante pola poboación masculina | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego* |
| Colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para o desenvolvemento de accións conxuntas na atención das mulleres vítimas de violencia de xénero | Acción conxunta | 2015<br>2016 | *Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza- Secretaría Xeral da Igualdade* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Realización de accións de sensibilización e visitas a empresas para promover a diversidade e a non discriminación no acceso laboral por mor de discapacidade, orientación sexual, pertenza a minorías étnicas ou condición de inmigrante (persoal técnico do SPEG e dos equipos de inclusión) | Visitas a empresas | 2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Secretaría Xeral de Emprego e Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Promover o acceso á educación e á formación previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias

| PRIORIDADE SECTORIAL 5. PROMOVER O ACCESO Á EDUCACIÓN E Á FORMACIÓN PREVINDO O FRACASO ESCOLAR E AUMENTANDO OS NIVEIS DE COMPETENCIAS | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Reforzar a escolarización temperá |
| | Obxectivo 2. | Incrementar a asistencia e permanencia na escola e mellorar os resultados académicos nas etapas de escolarización obrigatoria |
| | Obxectivo 3. | Promover a apoiar medidas para favorecer a integración e a convivencia nos centros educativos |

| **Obxectivo 1.** | **Reforzar a escolarización temperá** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Implantación da Rede galega de Atención temperá para prestar unha atención especializada multidisciplinar aos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento da súa autonomía persoal ou que están en risco de padecelos:<br>- Elaboración e publicación do protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en materia de atención temperá<br>- Deseño e posta en práctica do plan de formación para profesionais dos tres ámbitos (educativo, sanitario e servizos sociais) en materia de atención temperá | Protocolo<br><br>Plan de formación | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade e Consellería de Política Social* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
| --- | --- | --- | --- |
| - Elaboración e posta en marcha da Axenda da atención temperá de Galicia 2015-2017, en base ás liñas estratéxicas aprobadas polo Consello autonómico de atención temperá<br>- Elaboración e publicación de convocatoria de axudas dirixidas a concellos para a posta en marcha e/ou mantemento de servizos de atención temperá<br>- Diagnóstico e atención precoz da hipoacusia neonatal<br>- Diagnóstico e atención neonatal precoz das enfermidades endocrinas e metabólicas | Documento de Axenda<br><br>Axudas<br><br>Probas diagnósticas | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade e Consellería de Política Social (Continuación)* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 2.** | **Incrementar a asistencia e permanencia na escola e mellorar os resultados académicos nas etapas de escolarización obrigatoria** |
| --- | --- |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
| --- | --- | --- | --- |
| Aplicación de medidas que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado que precisa de apoio que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario:<br>- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe<br>- Adaptacións curriculares<br>- Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento | Programas de apoio | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Protocolo de Absentismo Escolar para garantir o contacto entre o centro escolar e os pais/nais e os servizos sociais comunitarios, desde o primeiro momento no que se comezan a producir faltas non xustificadas de asistencia a clase | Protocolo | 2015<br>2016 | |
| Mellora das habilidades pedagóxicas e socioeducativas do profesorado a través do Plan anual de formación do profesorado para facilitar a adaptación ás necesidades individuais do alumnado | Plan | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Apoio económico para o mantemento de comedores escolares en xestión directa e de xestión indirecta (entidades municipais e provinciais, federacións e asociacións de ANPAS) | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Secretaría Xeral Técnica* |
| Realización de actuacións co alumnado estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou de descoñecemento das linguas oficiais:<br>- Posta en práctica de programas específicos personalizados en función das súas necesidades nos centros escolares<br>- Desenvolvemento de grupos de adquisición das linguas e/ou medidas de atención a diversidade nos centros | Programas personalizados<br><br>Cursos<br><br>Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Apoio económico a corporacións locais e entidades de iniciativa social para a realización de actividades de ensinanza de linguas e reforzo individualizado nas materias e habilidades que se precisa potenciar | Axudas | | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |
| Apoio económico para a realización de actividades de reforzo escolar a menores que o precisen, complementarias ás do Programa PROA, con especial atención aos/ás menores de familias en situación de vulnerabilidade | Axudas<br><br>Cursos/Sesións | 2015<br>2016 | |
| Realización de actividades de apoio á parentalidade positiva que axuden a sensibilizar e implicar aos pais e nais para completar a etapa educativa dos seus fillos e fillas:<br>- Actuacións nos centros educativos que favorezan a relación e a a comunicación coas familias en favor dunha maior implicación das mesmas no proceso educativo dos seus fillos/as, a través de contratos-programa<br>- Actuacións de ámbito familiar no marco de desenvolvemento dos procesos de inclusión sociolaboral | Entrevistas/ reunións<br><br>Charlas | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 3.** | **Promover a apoiar medidas para favorecer a integración e a convivencia nos centros educativos** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización de actividades lúdicas que promovan a convivencia intercultural, así como o coñecemento e respecto das diversas culturas nos centros educativos | Encontros | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Valoración nas convocatorias de programas dirixidos á mellora do éxito escolar, da situación dos centros en cuxo contorno sociocultural predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna distinta á do centro, etc. | Normativa | 2015<br>2016 | |
| Sensibilización ao alumnado e ás familias de Educación Secundaria Obrigatoria, en cuestións relacionadas co acoso escolar e discriminación por calquera razón:<br>- Estratexia educonvives.gal: Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar e Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia<br>- Charlas de prevención de acoso escolar o/ou de calquera outra forma de discriminación | Protocolo<br>Meotodoloxía<br>Charlas | 2015<br>2016 | |
| Promover o intercambio de información e boas prácticas de atención á diversidade e educación intercultural en todos os centros educativos, a través da Estratexia educonvives.gal | Relación boas prácticas | 2015<br>2016 | |
| Participación no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cun programa de convivencia intercultural nas aulas de centros públicos de educación secundaria obrigatoria | Programa | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |
| Impulso dun modelo de biblioteca escolar aberto á comunidade educativa con especial función de compensación de desigualdades, a través do Plan LÍA de bibliotecas escolares, nos centros educativos da consellería:<br>- Convocatoria anual do Plan de mellora de bibliotecas escolares<br>- Axudas específicas aos centros integrados no Plan para fondos, mobiliario e outros equipos | Plan<br>Axudas<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| - Orientacións e asesoramento sobre o modelo de biblioteca escolar<br>- Actividades de formación do profesorado para a extensión do modeloAsesoramento continuado a través da Asesoría de bibliotecas escolares | | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Desenvolvemento do Programa Bibliotecas escolares solidarias en centros escolares:<br>- Selo "biblioteca escolar solidaria" a bibliotecas con alumnado e familias voluntarias<br>- Voluntariado de lectura - A (Primaria). Alumnado voluntario na biblioteca escolar (5º /6º primaria)<br>- Voluntariado na biblioteca escolar (Secundaria) Alumnado voluntario na BE | Programa | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |
| Promoción da inclusión social a través programas de actividade deportiva e promoción dos seus valores dirixidos á comunidade escolar (Programa Xogade e Programa de Educación Deporte e Valores); e o desenvolvemento de programas de inclusión social nas Federacións Galegas Deportivas de Aeronáutica, Esgrima, Fútbol Sala, Gol, Halterofilia, Kárate, Kickboxing, Kung Fu, Loita, Motonáutica, Pádel, Petanca e Remo | Programas | 2015<br>2016 | *Presidencia da Xunta de Galicia- Secretaría Xeral para o Deporte* |

## Promover a inclusión social e a empregabilidade mediante estratexias de cualificación a través de recursos educativos e de formación para o emprego e da aprendizaxe permanente

| PRIORIDADE SECTORIAL 6. PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL E A EMPREGABILIDADE MEDIANTE ESTRATEXIAS DE CUALIFICACIÓN A TRAVÉS DE RECURSOS EDUCATIVOS E DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DA APRENDIZAXE PERMANENTE | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Promover e mellorar a conexión entre a Formación Profesional e o mercado laboral |
| | Obxectivo 2. | Promover a cualificación das persoas con menor nivel formativo, especialmente daquelas en situación de desemprego prolongado |
| | Obxectivo 3. | Promover a orientación sobre os recursos educativos e a formación ao longo da vida |

| **Obxectivo 1.** | **Promover e mellorar a conexión entre a Formación Profesional e o mercado laboral** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Ampliación da oferta da modalidade de formación profesional dual na formación profesional básica, para que o alumnado poida aumentar a súa cualificación profesional nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa ou institución | Catálogo | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Concesión de axudas individualizadas de transporte escolar para facilitar ao acceso aos ciclos de formación profesional básica no caso de non existir prazas nas rutas de transporte escolar ou regular existentes | Axudas | 2015<br>2016 | |
| Adaptación dos currículos da Formación Profesional Dual ás demandas das empresas, para que respondan ás necesidades destas, coa participación neste proceso do empresariado a través de convenios de colaboración | Convenios<br><br>Programas | 2015<br>2016 | |

*Axentes implicados*

- *Iniciativa privada*

| **Obxectivo 2.** | **Promover a cualificación das persoas con menor nivel formativo, especialmente daquelas en situación de desemprego prolongado** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Disposición das Aulas Mentor para o desenvolvemento de ensinanzas non regradas dirixidas a aumentar a empregabilidade, actualización profesional e aumentar a formación básica, con titoría telemática | Cursos | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Apoio nos procesos dirixidos á obtención de certificados de profesionalidade que acrediten as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou por vías de formación non formais | Entrevistas de asesoramento | 2015<br>2016 | |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 3.** | **Promover a orientación sobre os recursos educativos e a formación ao longo da vida** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de Ensinanzas Básicas Iniciais nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia nos Centros de Educación para Adultos e Institutos de Educación Secundaria que imparten co apoio de medidas de adaptación:<br>- Mantemento dos prazos de matrícula aberta ao longo do ano académico sen límite de prazas<br>- Permanencia no sistema educativo sen limitación de anos<br>- Existencia de probas libres en convocatorias anuais coa finalidade de obter o título da ESO<br>- Adaptacións de espazos e tempos, medios e instrumentos de avaliación para quen posúan diferentes necesidades específicas de natureza visual, auditiva, psicomotriz, etc | Cursos | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Introdución nos programas de alfabetización e de formación básica actividades de aprendizaxe para a participación social e acceso ás TIC | Cursos | 2015<br>2016 | |
| Información e orientación ás persoas participantes nos proxectos de inclusión sobre aqueles recursos educativos e de formación laboral que podan resultar máis axeitados e, de ser o caso, derivación aos programas que lles podan resultar de utilidade | Entrevistas de orientación | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Programa de Voluntariado Cultural, de apoio ás bibliotecas públicas para prestar con máis eficacia a súa función de formar, informar e de acceso á cultura e o lecer da cidadanía en igualdade de oportunidades, facilitando servizos axustados ás necesidades das persoas usuarias:<br>- Apoio á difusión e promoción das bibliotecas e na formación en competencias informacionais<br>- Apoio na posta en práctica de proxectos e animación lectora e sociocultural<br>- Apoio na realización de actividades culturais ou artísticas e no aprendizaxe doutras linguas | Cursos<br>Proxectos<br>Charlas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Favorecer a inclusión social a través da atención e do coidado da saúde

**PRIORIDADE SECTORIAL 7. FAVORECER A INCLUSIÓN SOCIAL A TRAVÉS DA ATENCIÓN E DO COIDADO DA SAÚDE**

| | |
|---|---|
| Obxectivo 1. | Favorecer o acceso á prevención e atención sanitaria, nun definido marco de coordinación e interacción entre os servizos sanitarios e os servizos sociais |
| Obxectivo 2. | Promover a calidade de vida e favorecer a integración dos colectivos con especiais necesidades de atención sanitaria |
| Obxectivo 3. | Desenvolver programas de atención específica a persoas en situación de risco ou con deterioro da súa saúde |

| | |
|---|---|
| **Obxectivo 1.** | **Favorecer o acceso á prevención e atención sanitaria, nun definido marco de coordinación e interacción entre os servizos sanitarios e os servizos sociais** |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento do Programa galego de Protección Social da Saúde Pública, que garante a asistencia sanitaria ás persoas sen recursos con residencia efectiva en Galicia, incluídas as persoas inmigrantes sen cobertura e cunha antigüidade mínima de empadroamento de 183 días nun concello/s galego/s | Programa | 2015<br>2016 | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |
| Accións para favorecer na atención médica a accesibilidade a persoas con discapacidade sensorial e o acompañamento de pacientes diagnosticados/as de determinadas patoloxías | Instrucións<br>Adaptacións | 2015<br>2016 | |
| Realización, pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de obradoiros que favorezan a calidade de vida, a saúde e a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade | Obradoiros | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento dos programas *Mastermind e Fogar Dixital,* innovadores na prestación de servizos sanitarios a persoas, ademais doutros que melloren a accesibilidade aos servizos sanitarios das persoas que residen en áreas dispersas e/ou despoboadas | Programas | 2015<br>2016 | |
| Exención do importe de copagamento dos medicamentos a persoas receptoras de rendas mínimas e a parados que perderon o subsidio por desemprego | Normativa | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Apoio económico ás persoas e familias, especialmente aquelas que teñan menores a cargo, con ingresos do traballo inferiores aos limiares da RISGA para lles garantir o acceso á prestación farmacéutica | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Coordinación coas unidades do departamento de Sanidade que apoian a entidades que desenvolven programas sociosanitarios para promover a cooperación entre estas e os Equipos de inclusión sociolaboral no territorio | Reunións | 2016 | |

***Axentes implicados***

- *Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social*

| **Obxectivo 2.** | **Promover a calidade de vida e favorecer a integración dos colectivos con especiais necesidades de atención sanitaria** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización de actividades formativas promotoras da vida saudable en grupos de poboación vulnerables, dirixidas a persoal sanitario | Cursos | 2015<br>2016 | *SERGAS- Fundación Escola Galega de Sanidade (FEGAS)* |
| Convenio coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia-FEAFES para a atención precoz en primeiros episodios de enfermidade mental grave e persistente | Convenio | 2015<br>2016 | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |
| Desenvolvemento de programas encamiñados á promoción de estilos de vida saudables e a prevención da enfermidade desde a etapa infantil, axustadas ás características culturais e sociais da poboación (*Plataforma Xente con Vida, Plan Xermola)* | Programas | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade- Dirección Xeral de Saúde Pública* |
| Realización de accións de prevención das condutas aditivas e/ou disfuncionais, especificamente o consumo de drogas, dirixidas á poboación menor, e en particular a menores en situación de vulnerabilidade:<br>- Campaña de sensibilización nas redes sociais dirixida a adolescentes e persoas novas, sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas | Charlas<br>Materiais<br>Cursos<br>Axudas | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| - Sistema de detección precoz e intervención temperá nos centros escolares, realización de programas de fomento do abandono para alumnado de ESO e de ensinanzas universitarias consumidor de sustancias, e cursos sobre drogodependencias para docentes<br>- Convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro e a concellos para desenvolvemento de programas de prevención de trastornos aditivos | | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade- Dirección Xeral de Saúde Pública (cont.)* |
| Posta en marcha do Programa de Voluntariado Hospitalario en colaboración da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada-EOXI da área de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos:<br>- Contribuír á mellora das condicións e calidade de vida das persoas doentes durante a súa estancia hospitalaria<br>- Reforzar os apartados de confortabilidade e accesibilidade no centro hospitalario, e proporcionar información e comunicación o máis claras e comprensibles posible<br>- Formación do voluntariado | Programa | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e SERGAS-Fundación Escola Galega de Sanidade (FEGAS)* |
| Creación dun banco de produtos de apoio e axudas técnicas para facilitar o intercambio, doazón e préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou limitacións temporais da súa autonomía persoal, a través da web da Consellería de Política Social | Programa de intercambio | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade* |
| Realización de accións formativas sobre drogodependencias ao persoal educador dos centros de menores infractores e de tutela | Cursos | 2016 | *Consellería de Sanidade - Dirección Xeral de Saúde Pública* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 3.** | **Desenvolver programas de atención específica a persoas en situación de risco ou con deterioro da súa saúde** |
|---|---|

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización e publicación dun estudo sobre os procesos aditivos, a través dun estudo de comorbilidade psiquiátrica en adicións | Informe do estudo | 2015 | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |
| Actividades favorecedoras da rehabilitación e integración das persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria por trastornos de personalidade, discapacidade intelectual, enfermidade mental ou demencia, en colaboración con entidades de iniciativa social | Convenios con entidades sociais | 2015<br>2016 | |
| Programas de trastorno mental grave destinados á atención integral e para tratar de evitar o estigma social que supón esta enfermidade:<br>- Proxecto NISE: Loita contra a estigma en enfermidade mental<br>- Charlas e obradoiros (Escola Galega de Saúde para Cidadáns e Federación de Asociaciones de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) | Programa<br>Charlas<br>Obradoiros | 2015<br>2016 | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |
| Mantemento de recursos sociosanitarios de carácter residencial ou non, nos que traballen conxuntamente os servizos sanitarios e os servizos sociais comunitarios:<br>- Pisos protexidos, Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral-CPRL (centros de día) e miniresidencias<br>- Programa respiro (25% das prazas) | Prazas | 2015<br>2016 | |
| Apoio económico a entidades sen ánimo de lucro con dispositivos asistenciais para a realización de accións de información, consello asistido, acompañamento e derivación ao sistema sanitario asistencial público (SERGAS) de persoas con prácticas de risco para a infección polo VIH pertencentes a grupos máis vulnerables | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Sanidade-Dirección Xeral de Saúde Pública* |
| Actividades de formación para previr e tratar enfermidades mentais (bases neurobiolóxicas da adicción, terapia cognitivo-condutual...) | Cursos | 2015<br>2016 | *SERGAS- Fundación Escola Galega de Sanidade (FEGAS)* |
| Información aos pais e nais inmigrantes sen autorización de residencia, para que leven os seus fillos/as menores aos servizos sanitarios, con especial atención aos programas de vacinación infantil e das mulleres inmigrantes en período de xestación | Charlas<br>Entrevistas | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Elaboración e difusión dunha Guía de práctica clínica en patoloxía dual, que defina os procesos asistenciais recomendables para persoas con trastornos aditivos atendendo, especialmente, á patoloxía dual | Guía | 2016 | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |

*Axentes implicados*

- *Delegación do Goberno*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Mellorar o acceso á vivenda como aspecto clave na inclusión social

| PRIORIDADE SECTORIAL 8. MELLORAR O ACCESO Á VIVENDA COMO ASPECTO CLAVE NA INCLUSIÓN SOCIAL | | |
|---|---|---|
| | Obxectivo 1. | Apoiar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda |
| | Obxectivo 2. | Facilitar o acceso á vivenda ás persoas en situación de risco ou exclusión social, especialmente con fillos/as menores e persoas dependentes a cargo |
| | Obxectivo 3. | Protexer ás familias que están en risco de perda ou perderon a súa vivenda habitual por non pagamento da hipoteca ou do aluguer |

**Obxectivo 1. Apoiar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda**

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de proxectos de inclusión residencial que contemplen actuacións de acompañamento e educación sociofamiliar en procesos de realoxo | Proxectos | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |
| Apoio no desenvolvemento de actividades que promovan o coidado da propia vivenda, a convivencia e a adecuada utilización dos servizos e cousas comúns fixadas nas normas de réxime interior pola comunidade de propietarios/as | Cursos<br>Charlas | 2015<br>2016 | |
| Axudas a comunidades de propietarios/as de vivendas de promoción pública para que acometan actuacións de rehabilitación e reparación en elementos comúns das edificacións, fomentando o bo uso, mantemento e conservación dos edificios e vivendas (poden acadar ata o 75 % da intervención) | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego da Vivenda* |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Realización de obras de urbanización e reurbanización de espazos públicos, que creen ou recuperen espazos urbanos para a práctica de actividades de lecer de nenos e nenas no marco de áreas de rehabilitación integral | Proxectos de obra | 2015<br>2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego da Vivenda* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

| **Obxectivo 2.** | **Facilitar o acceso á vivenda ás persoas en situación de risco ou exclusión social, especialmente con fillos/as menores e persoas dependentes a cargo** |
|---|---|

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Deseño e desenvolvemento de proxectos de inclusión sociolaboral que apoien o acceso á vivenda a través de información, asesoramento e acompañamento | Proxectos de inclusión | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |
| Actualización do programa *Quero alugar/mercar/rehabilitar unha vivenda*, do portal do IGVS para facilitar o acceso á vivenda dun xeito práctico e sinxelo | Nova versión do programa | 2015<br>2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego da Vivenda* |
| Prioridade nos procedementos de adxudicación das vivendas protexidas ás familias numerosas ou unidades convivenciais de tres ou máis fillos/as, monoparentais, con algún membro con discapacidade e/ou dependencia, e ás mulleres vítimas de violencia de xénero | Normativa de regulación do acceso | 2015<br>2016 | |
| Creación, por decreto, do Censo de Vivendas Baleiras que permitirá coñecer a situación real das vivendas baleiras en Galicia, propiedade de entidades financeiras e da SAREB, co obxecto de deseñar as políticas públicas orientadas á súa ocupación | Censo | 2016 | |
| Convenio de colaboración do IGVS coa FEGAMP para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras, dirixido ás persoas más desfavorecidas e dos afectados por un desafiuzamento | Convenio | 2016 | |
| Programa de axudas para o pagamento do aluguer nas condicións establecidas no plan estatal 2013-2016, o cal outorga axudas ao arrendamento a aqueles colectivos con maiores dificultades | Axudas | 2016 | |

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Promoción do acceso á vivenda ás mulleres vítimas de violencia de xénero a través dos programas do IGVS | Programas | 2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego da Vivenda* |

***Axentes implicados***

- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria- SAREB*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## Obxectivo 3. Protexer ás familias que están en risco de perda ou perderon a súa vivenda habitual por non pagamento da hipoteca ou do aluguer

| Actuacións | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Programa de Bono de Alugueiro Social para quen sufriron un procedemento de desafiuzamento debido ao non pagamento de rendas:<br>- De 150 a 200€ mensuais, dependendo do concello de residencia, ata un máximo de 12 meses, prorrogables unha soa vez polo mesmo período recoñecido inicialmente<br>- axuda complementaria no caso da inmediata formalización dun contrato de aluguer, para atender as obrigas da fianza e a alta en subministros ou, de permanecer na vivenda obxecto do procedemento, para atender contías pendentes do contrato de arrendamento (ata un máximo de 600 €) | Axudas | 2015<br>2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego da Vivenda* |
| Ampliación do Programa de Bono de Aluger Social para a cobertura daquelas unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida | Axudas | 2016 | |
| Convenio co Valedor do Pobo para canalizar as posibles situacións de especial necesidade de vivenda de tal xeito que puideran ser avaliadas e, no seu caso, atendidas de forma inmediata polo IGVS | Convenio | 2015 | |

| *Actuacións* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Programa de Realoxamento de persoas afectadas por execucións hipotecarias para proporcionar aloxamento ás persoas que perderan a súa única vivenda debido a un procedemento de execución hipotecaria e os seus ingresos non superen 2,5 veces o IPREM | Vivendas | 2015<br>2016 | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego da Vivenda* |
| Programa Reconduce para facilitar ás familias en risco de execución hipotecaria da súa vivenda habitual ou de non poder afrontar o pagamento do aluguer:<br>- Asesoramento xurídico e económico, incluíndo a realización de funcións de mediación coas entidades financeiras<br>- Atención psico-social<br>- Orientación laboral<br>- Apoio na busca da vivenda alternativa | Itinerarios | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión* |
| Información e axuda para a elaboración dun plan de saneamento da economía familiar dende o Programa Reconduce e/ou os profesionais dos Equipos de inclusión sociolaboral que recibiron formación en consumo | Plans | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento do convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP, polo que se establece un protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que evite os efectos da perda de vivenda. | Convenio | 2015<br>2016 | |

***Axentes implicados***

- *Consello Xeral do Poder Xudicial*
- *Valedor do Pobo*
- *FEGAMP*
- *Corporacións locais*
- *CGSIB/AGASS*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

# 3. ACTUACIÓNS PREVISTAS POR PRIORIDADES E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA DE GALICIA 2014-2020 PARA O BIENIO 2015- 2016

## OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO EDUCATIVO

| | |
|---|---|
| A. | Incrementar a escolarización da poboación xitana nas primeiras etapas educativas |
| B. | Promover a permanencia nos estudos do alumnado xitano |
| C. | Reducir a renda no atraso escolar das persoas xitanas, especialmente na Educación Secundaria Obrigatoria |
| D. | Aumentar o nivel educativo e promover a formación permanente da poboación xitana adulta |
| E. | Mellorar os aspectos do entorno familiar que inciden nas desigualdades educativas |
| F. | Promover a diversidade e a convivencia intercultural no ámbito educativo |
| G. | Incrementar o coñecemento sobre os procesos educativos da poboación xitana |

| ***Actuacións 2015 e/ou 2016 non específicas que favorecen o cumprimento dos obxectivos*** | ***Responsable principal*** |
|---|---|
| Establecemento de prezos públicos progresivos no acceso á rede de escolas infantís 0-3 autonómica, que exime das taxas na rede autonómica ás familias con menor capacidade económica | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica* |
| Realización de actuacións de reforzo, orientación e apoio para o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural en que se desenvolve, a través do Programa PROA e doutros complementarios no marco de contratos-programa | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Actuacións de fomento da convivencia e participación da comunidade educativa nos centros escolares, mediante o desenvolvemento de programas de acompañamento e apoio; programas para a mellora da convivencia; e programas a prol da excelencia educativa | |
| Accións de sensibilización ao alumnado e ás familias de Educación Secundaria Obrigatoria, en cuestións relacionadas co acoso escolar e discriminación por calquera razón | |
| Realización de actividades sobre a historia e cultura xitana nos centros escolares, comprendidas nos currículos de Educación Primaria e Secundaria, para promover o respecto e aprecio á diversidade dende as primeiras etapas escolares | |
| Desenvolvemento de accións formativas sobre a atención a diversidade e convivencia escolar a través do Plan anual de formación do profesorado | |

| Actuacións específicas con poboación xitana | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Sensibilización aos pais e ás nais sobre a importancia da educación, a través de proxectos de inclusión ou accións formativas específicas de educación familiar | Proxectos<br>Accións educativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Realización de accións dirixidas a favorecer a participación das familias xitanas na escola e a implicación activa destas nos procesos educativos dos seus menores, a través de proxectos de Educación Familiar e accións informativas e/ou formativas | Proxectos<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Actividades promotoras da participación e a convivencia dos/as menores xitanos/as dende as primeiras etapas, en ámbitos non regrados | Proxectos<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Sesións informativas sobre os servizos e recursos que facilitan a diminución do absentismo e a necesidade da asistencia a clase coas familias xitanas con fillos/as en idade escolar, organizadas polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios | Proxectos<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Desenvolvemento de accións formativas grupais de transición da educación primaria á secundaria dirixidas ao alumnado xitano | Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Creación de espazos de compensación socioeducativa extraescolar que faciliten a convivencia e a integración, dirixidas de xeito especial a escolares de etnia xitana e a través do apoio aos concellos | Proxectos<br>Accións de mediación e/ou educación complementarias | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Accións de compensación educativa complementarias ás que xa realizan os centros docentes, no marco do *Programa Promociona* (P.O. FSE), de apoio e orientación educativa para mozos/as xitanos/as e as súas familias para promover a finalización da ESO e a Educación Postobrigatoria | Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |
| Actividades de apoio á escolarización obrigatoria (accións para nenos/as con necesidades específicas para acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades básicas) e de reforzo escolar dirixidas ao alumnado xitano | Actividades formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Apoio ao Proxecto Pregatiera Maine 2015, de información e sensibilización para a incorporación sociolaboral de adolescentes de orixe romanesa (especialmente romaní) con problemática de abandono escolar prematuro na cidade de Vigo | Accións informativas | 2015 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Actuacións formativas de preparación das probas de obtención do título da Educación Secundaria Obrigatoria, dirixidas á poboación xitana, ofertando cursos en horario nocturno co obxecto de posibilitar a súa compatibilidade con outras actividades | Cursos | 2015<br>2016 | |
| Realización de actividades de formación adaptada dirixidas á poboación xitana adulta con contidos promotores da súa alfabetización, a adquisición de competencias clave e de reforzo educativo | Accións formativas | 2015<br>2016 | |
| Realización de formación adaptada en alfabetización dixital | Formación adaptada | 2015<br>2016 | |
| Fomento do acceso do alumando aos niveis medio e superior, nomeadamente das mulleres, dende os departamentos de orientación dos centros escolares e os servizos sociais comunitarios | Orientación en centros escolares<br><br>Orientación nos servizos sociais | 2015<br>2016 | *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA VIVENDA

| | |
|---|---|
| A. | Erradicar o chabolismo e as infravivendas |
| B. | Incrementar os mecanismos de acceso da poboación xitana á vivenda normalizada, tanto da incluída no marco da vivenda pública e das políticas de accesabilidade social como a do mercado privado, prioritariamente a través do alugueiro |
| C. | Apoiar os procesos de transición residencial e a permanencia e a convivencia das persoas e familias xitanas que residen en vivenda normalizada |
| D. | Incrementar o coñecemento sobre a situación da poboación xitana en Galicia |

| *Actuacións 2015 e/ou 2016 non específicas que favorecen o cumprimento dos obxectivos* | *Responsable principal* |
|---|---|
| Programa de Alugueiro Social para facilitar o acceso á vivenda a familias con baixos recursos (axudas de 150 € mensuais) | *Consellería de Infraestruturas e Vivenda- Instituto Galego de Vivenda e Solo* |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización dun estudo conducente á actualización da información específica vivenda e poboación xitana en Galicia | Estudo | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Desenvolvemento de proxectos de inclusión que combinen obxectivos de mellora ou inclusión residencial con outros de carácter social e/ou sociolaboral para as persoas e familias en programas locais de realoxo | Proxectos | 2015<br>2016 | |
| Apoio ás entidades locais para a realización de actuacións de información e intermediación para o acceso á vivenda normalizada | Accións de mediación complementarias | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de actividades socioeducativas promotoras do mantemento da vivenda e a convivencia e participación na comunidade | Actividades socioeducativas de mediación | | |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Axencia Galega de Servizos Sociais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA SAÚDE

| | |
|---|---|
| A. | Mellorar o acceso normalizado e o uso axeitado aos servizos sanitarios |
| B. | Promover a saúde e prácticas sanitarias preventivas na poboación xitana, en especial das mulleres e da infancia |
| C. | Promover estilos de vida saudables e atender ás patoloxías derivadas do consumo e abuso de sustancias |

| *Actuacións 2015 e/ou 2016 non específicas que favorecen o cumprimento dos obxectivos* | *Responsable principal* |
|---|---|
| Desenvolvemento do Programa galego de Protección Social da Saúde Pública, que garante a asistencia sanitaria ás persoas sen recursos con residencia efectiva en Galicia, incluídas as persoas inmigrantes | *SERGAS- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria* |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Realización de accións informativas dirixidas ás persoas e as familias xitanas inmigrantes sobre o Programa galego de protección social da saúde pública dende os servizos sociais comunitarios, co obxecto de que accedan ao sistema sanitario | Accións informativas | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Accións formativas e/ou informativas de promoción integral da saúde que inclúen accións de fomento da saúde reprodutiva nas mulleres xitanas, controis médicos e pediátricos e adquisición de hábitos dirixidos á prevención da saúde | Accións de mediación complementaria | 2015 2016 | |
| Accións informativas dirixidas ás persoas e familias que supoñan campañas específicas de educación para a saúde e de sensibilización sobre problemáticas sociosanitarias | Campañas informativas | 2015 2016 | |
| Actuacións de fomento de hábitos de vida saudable dirixidas ás persoas e familias xitanas, en colaboración con entidades de iniciativa social | Accións informativas | 2015 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e SERGAS* |
| Programa ACAIS de prevención do consumo de drogas e hábitos non saudables dirixidos á poboación xitana en Vigo, que inclúe o desenvolvemento de accións de prevención no ámbito escolar, familiar e outras dirixidas a persoas novas | Programa | 2015 2016 | |
| Realización de accións comunitarias nas zonas nas que reside poboación cunha alta incidencia dos factores de vulnerabilidade nas súas situacións persoais e/ou familiares, coa participación de profesionais do ámbito social e sanitario | Protocolos comúns de actuación | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social e Consellería de Sanidade- Dirección Xeral de Saúde Pública* |

## OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DO EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

| | |
|---|---|
| A. | Ampliar a empregabilidade das persoas xitanas a través dunha estratexia de cualificación que combine recursos para a formación e a certificación de competencias persoais e laborais |
| B. | Mellorar o acceso da poboación xitana ao mercado de traballo e as súas condicións laborais |
| C. | Mellorar as condicións de traballo e as súas condicións da poboación xitana ocupada |
| D. | Promover a igualdade de oportunidades e a loita contra a discriminación no ámbito laboral |
| E. | Incrementar o coñecemento sobre a situación laboral da comunidade xitana en Galicia |

| *Actuacións 2015 e/ou 2016 non específicas que favorecen o cumprimento dos obxectivos* | *Responsable principal* |
|---|---|
| Accións de orientación e asesoramento laboral desenvolvidas pola rede de oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Dirección Xeral de Orientación e Promoción laboral* |
| Acciòns formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas (AFD) | |
| Convocatorias para a realización de exames de Competencias clave | |
| Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral | |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento de actuacións formativas de carácter prelaboral e promotoras da mellora da súa empregabilidade | Proxectos<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Actuacións de orientación laboral, de intermediación e de acompañamento no acceso ao emprego ás persoas xitanas a través do Programa Acceder, con dispositivos de atención nos concellos de Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago para eses concellos e as súas zonas de influencia | Programa<br>Equipos | 2015<br>2016 | |
| Información e orientación ás persoas xitanas sobre obtención de títulos e de certificados de profesionalidade que acrediten as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou por vías non formais.<br>- A través de proxectos personalizados de inclusión<br>- Actividades de formación e información sobre recoñecemento profesional | Proxectos<br>Actividades de información<br>Actividades formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento actividades formativas dirixidas á preparación dos exames de competencias clave | Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Realización de accións formativas, con prácticas en empresas, en ocupacións relacionadas coas habilidades e experiencia laboral, adaptadas ás necesidades do mercado de traballo | Accións formativas | 2015<br>2016 | |
| Accións formativas de carácter práctico dirixidas á creación de emprego autónomo e asesoramento para o cumprimento dos requisitos legais: fiscalidade, seguridade social... | Accións formativas | 2015<br>2016 | |
| Actuacións formativas relacionadas coa actividade económica das persoas xitanas, para mellorar a súa empregabilidade:<br>- Programa ACCEDER (Fundación Secretariado Gitano): actuacións para a capacitación nunha profesión ou oficio, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo<br>- Cursos de formación teórica adaptada para a adquisición do permiso de condución, cando teña que ver coa realización da actividade económica que desenvolven | Programa<br><br>Accións formativas | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de actuacións individuais e grupais de orientación e asesoramento para mellorar a organización e a rendibilidade da actividade económica | Accións complementarias de educación | 2015<br>2016 | |
| Realización de accións de sensibilización e mediación co empresariado a través dos equipos de inclusión sociolaboral e dos Prospectores/as laborais do Programa Acceder a promoción da empregabilidade das persoas xitanas: contratación, prácticas en empresas... | Visitas a empresas | 2015<br>2016 | |
| Fomento da participación das persoas xitanas menores de 30 anos en situación acreditada de risco de exclusión no Sistema de Garantía Xuvenil, facilitando vía de inscrición alternativa á telemática e acompañando a súa participación no programa | Inscricións non telemáticas | 2015<br>2016 | |
| Disposición de servizos de conciliación laboral para facilitar a participación en determinadas actividades incluídas en proxectos de inclusión social e/ou sociolaboral | Servizos de apoio á conciliación | 2015<br>2016 | |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Difusión de experiencias de emprego da muller xitana a través da web da Consellería de Política Social para acadar unha maior visibilización destas | Contidos web | 2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Programas de axentes de emprego en Lugo, con accións dirixidas a persoas para apoiar os seus procesos de inclusión sociolaboral (orientación, formación...) e ás empresas, incluíndo liñas de colaboración con aquelas xestionadas con criterios de responsabilidade social ou en xestión da diversidade | Programa<br><br>Colaboración con empresas | 2015<br>2016 | *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral* |

*Axentes implicados*

- *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*
- *Consellería de Economía, Emprego e Industria- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral*
- *Corporacións locais*
- *Axencia Galega de Servizos Sociais*
- *Entidades de iniciativa social*
- *Iniciativa privada*

## OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

| | |
|---|---|
| *A.* | Promover a normalización das condicións de vida das persoas xitanas |
| *B.* | Mellorar a coordinación entre os distintos axentes públicos e privados que traballan coa poboación xitana |
| *C.* | Apoiar o labor do terceiro sector no desenvolvemento de actuacións dirixidas á inclusión social das persoas xitanas |

| *Actuacións 2015 e/ou 2016 non específicas que favorecen o cumprimento dos obxectivos* | *Responsable principal* |
|---|---|
| Renda da Inclusión Social de Galicia (RISGA) e Axudas de Inclusión Social (AIS) | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Apoio e acompañamento en proxectos de inclusión sociolaboral | |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Vinculación das axudas sociais que perciben as persoas xitanas á realización de itinerarios de inclusión sociolaboral, con obxectivos adaptados as súas circunstancias socioeconómicas, familiares e formativas | Metodoloxía | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |

| *Actuacións específicas con poboación xitana* | *Produto* | *Ano* | *Responsable principal* |
|---|---|---|---|
| Intervencións con enfoque socioeducativo que promovan a mellora da calidade de vida dos menores no ámbito familiar e escolar, como a mellora das condicións hixiénicas da vivenda, de hábitos de conduta inadecuados en temas relacionados coa vivenda, saúde e pautas educativas a través de itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral e accións formativas | Itinerarios<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Intervencións que aumenten as capacidades básicas cara o desenvolvemento persoal e social e promovan a convivencia e a integración no ámbito familiar e comunitario (pautas de comportamento e resolución de conflitos...) a través de itinerarios de inclusión e accións formativas | Itinerarios<br>Accións formativas | 2015<br>2016 | |
| Promover a autonomía da muller xitana na súa toma de decisións, tanto no ámbito público como no privado, en todos os programas con carácter transversal | Proxectos | 2015<br>2016 | |
| Prestación ao Terceiro sector de apoio económico, así como de ferramentas que axuden ao desenvolvemento dos proxectos de integración social e laboral que leven a acabo coa comunidade xitana (instrumentos de valoración, de seguimento a avaliación de programas...) | Convocatoria de axudas<br>Proxectos<br>Actividades formativas | 2015<br>2016 | |
| Apoio económico para a realización de labores de mediación nos ámbitos clave: vivenda, sanidade, educación e emprego | Convocatoria de axudas | 2015<br>2016 | |
| Creación dun Mapa de recursos que favoreza a coordinación e o traballo conxunto entre os servizos sociais comunitarios e as entidades de iniciativa social que desenvolven accións de inclusión socioaboral coa poboación xitana | Mapa | 2016 | |

*Axentes implicados*

- *Corporacións locais*
- *Axencia Galega de Servizos Sociais*
- *Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais*

## OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN E IMAXE SOCIAIS

| | |
|---|---|
| A. | Promover a participación cultural e apoiar fórmulas de acceso á participación das persoas xitanas na vida comunitaria das localidades en que residen e na sociedade en xeral |
| B. | Fomentar a igualdade de trato e a imaxe social da poboación xitana |

| Actuacións específicas con poboación xitana | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Actuacións de fomento da participación das persoas novas xitanas en actividades culturais, de lecer, de voluntariado e a través das federacións galegas deportivas | Accións de mediación e difusión | 2015<br>2016 | *Consellería de Política Social- Dirección Xeral de Inclusión Social* |
| Difusión entre as persoas xitanas das actividades que realizan as entidades de carácter social, veciñal, ANPAS, etc., con accións de acompañamento para facilitar a súa participación | Accións de mediación e difusión | 2015<br>2016 | |
| Promoción da participación e implicación das asociacións formadas por persoas xitanas e das que traballan a prol da inclusión sociolaboral da poboación xitana, no deseño e desenvolvemento de plans e programas da Dirección Xeral de Inclusión Social dirixidos a dita poboación | Consulta | 2015<br>2016 | |
| Desenvolvemento de actividades nos que se dea a coñecer á sociedade en xeral e nos centros escolares as tradicións, as costumes e a cultura xitana | Actividades | 2015<br>2016 | |

| Actuacións específicas con poboación xitana | Produto | Ano | Responsable principal |
|---|---|---|---|
| Difusión de datos e experiencias de carácter social, económico ou educativo que fortalezan a imaxe positiva da comunidade xitana a través da web da Consellería de Política Social | Accións de mediación e difusión | 2016 | |
| Emisión dunha declaración institucional o día 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano | Declaración | 2015<br>2016 | |
| Difusión, a través da web da consellería, do sistema de atención ás vítimas de discriminación que presta o Consejo de No Discriminación por Origen Racial o Étnico en colaboración coas ONG para combater a discriminación contra a poboación xitana e outras minorías | Contidos web | 2016 | |

**Axentes implicados**

- *Presidencia da Xunta de Galicia- Secretaría Xeral para o Deporte*
- *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*
- *Corporacións locais*
- *Axencia Galega de Servizos Sociais*
- *Entidades de iniciativa social*

# 4. AVALIACIÓN DO PLAN OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL

A aplicación das medidas comprendidas no Plan Operativo de Inclusión Social serán obxecto de seguimento por parte do departamento encargado da dirección e coordinación técnica da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020. Este traballo realizarase, principalmente, sobre un sistema de rexistro da información sobre a execución e resultado das actividades previstas para cada un dos obxectivos.

Os axentes implicados no desenvolvemento das medidas constituirán, de xeito xeral, a fonte de información que permitirá realizar anualmente a cobertura dos valores dos indicadores e as tarefas de avaliación. Ademais, como parte da metodoloxía de avaliación, o órgano encargado de levala a cabo, realizará consultas e/ou entrevistas a persoas expertas e representantes das entidades locais, de entidades de iniciativa social ou de calquera outro axentes implicado no desenvolvemento da Estratexia de Inclusión Social.

No primeiro trimestre de 2017 disporase do informe de avaliación final do Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016. As súas conclusións no relativo a axustes na metodoloxía e contidos serán integradas na formulación do Plan Operativo de Inclusión Social 2017-2018. De acordo ao texto aprobado polo Consello de goberno da Xunta de Galicia o día 18 de decembro de 2014, o contido básico do informe de avaliación do Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016 será o seguinte:

- Presentación dos resultados dunha pequena análise das debilidades, ameazas, fortalezas e debilidades do Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016
- Información cuantitativa e cualitativa sobre os progresos realizados sobre os obxectivos previstos no Plan Operativo, con especial referencia, ademais, ao impacto deste progreso nos obxectivos xerais da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020
- Presentación dos cadros de indicadores do Programa Operativo correspondente e da Estratexia de Inclusión Social coas correspondentes medicións
- Conclusións

O órgano encargado da dirección da Estratexia de Inclusión Social de Galicia remitirá o informe de avaliación do Plan Operativo de Inclusión Social á Comisión Interdepartamenteal de Servicios Sociais e Inclusión Social e ao Consello Galego de Benestar.

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
*"Unha maneira de facer Europa"*
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
UNIÓN EUROPEA

XUNTA
DE GALICIA